

## PLENO

**ACTA 2019/10 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO  
CONCELLO DE OROSO DO 26/09/2019**

No salón de Plenos da Casa do Concello , ás 19:00 horas do 26/09/2019, coa asistencia de:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde (PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo. Non está presente o Interventor da Corporación por motivos justificados.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA:

**I PARTE RESOLUTORIA**

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión constitutiva do 15/06/2019. Acta 08/2019

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 25/06/2019. Acta 09/2019.

2.- Aprobar definitivamente, previa resolución das alegacións presentadas, a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso (Exp. 2019/X999/000077).

3.- Aprobar inicialmente a Ordenanza para a regulación da Administración Electrónica Municipal do Concello de Oroso (Exp. 2019/G013/000001).

4.-Aprobar definitivamente o expediente 2019/X999/000018 de investigación da titularidade dun vial en Requeixo – Cardama.

5.-Resolución, se procede, do expediente para a elección de Xuíz de Paz titular e substituto do Concello de Oroso (A Coruña) (Exp. 2019/X999/000231)

6.- Aprobar se procede a modificación da Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola prestación de servizos complementarios de educación nos colexios públicos de educación infantil e primaria no Concello de Oroso. (EXP. 2019/G014/000001).

## PLENO

## II PARTE DE CONTROL

7.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 316/2019 do 21/03/2019 ata o 1212/2019 do 20/09/2019

8.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 21/03/2019 ata o 20/09/2019.

9.-Toma de coñecemento do Informe emitido polos servizos de Intervención – Tesourería do Concello referente ao período de pago das facturas correspondentes a primeiro e o segundo trimestre do exercicio 2019.

10.-Toma de coñecemento da resolución de Alcaldía nº 1174/2019 do 12/09 referente á participación no POS adicional 2019, 2ª fase.

11.-Mocións dos Grupos municipais.

12.- Rogos e preguntas.

O alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.****1.1.-Acta da sesión constitutiva do 15/06/2019. Acta 08/2019.**

LOGO DE VER a minuta da acta 2019/08, ábrese unha quenda de intervencións.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) toma a palabra, para sinalar que tendo en conta que na sesión constitutiva non se lles permitiu falar querían dicir que xa están aquí, e que cúmprense 100 días de goberno...

Interrompe o Sr. Alcalde quen sinala que as actas non son obxecto de debate, simplemente se algún Concelleiro quere corrixir algún erro que observara nas mesmas.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; 2 de OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún ( 0 votos );

Abstencións: ningunha ( 0 votos ); adopta este acordo:

**PRIMEIRO.** APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 15/06/2019. Acta 08/2019.

## PLENO

**SEGUNDO.** INCORPORAR a acta 2019/08 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

**1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 25/06/2019. Acta 09/2019.**

LOGO DE VER a minuta da acta 2019/09, ábrese unha quenda de intervencións.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) toma a palabra, para sinalar que nesa sesión o Sr. Alcalde dixo que non podía falar de pe, e que vai acatar dita norma pero como dixo Rosa Parks...

Interrompe o Sr. Alcalde quen procede a chamarlle á orde por primeira vez, e insiste de novo en que as actas non son obxecto de debate e que unicamente procede realizar algún tipo de observación no caso de que se observe algún tipo de fallo na transcripción da mesma.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta e o pleno por:

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; 2 de OR e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún ( 0 votos );

Abstencións: ningunha ( 0 votos ); adopta este acordo:

**PRIMEIRO.** APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 25/06/2019. Acta 09/2019.

**SEGUNDO.** INCORPORAR a acta 2019/09 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal, libro que terá formato electrónico.

**2.- Aprobar definitivamente, previa resolución das alegacións presentadas, a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso (Exp. 2019/X999/000077).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada polo Alcalde da Corporación que di:

Considerando a providencia de alcaldía de data 11/03/2019 que, logo da negociación levada a cabo cos representantes sindicais sobre a proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo que tivo lugar o día

## PLENO

15/03/2019 ordenaba o inicio do expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso.

Emitido Informe desfavorable da Secretaría e Intervención municipal do 20/03/2019, ao considerar que debe incluírse na RPT un posto de tesouraría reservado para funcionarios de habilitación nacional e que non cabe a posibilidade de creación dunha nova praza de policía local tendo en conta as limitacións actuais establecidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Logo de ver o Pleno da Corporación en sesión do 28/03/2019 procedeu a aprobar inicialmente a modificación da RPT do Concello de Oroso e que a mesma foi obxecto de exposición pública publicándose anuncio no BOP do 4/04/2019 por prazo de 20 días para que calquera interesado puidera proceder á presentación de alegacións.

Logo de ver que con data do 6/05/2019 (RE 20199990000300) por D. José Antonio Rueda de Valenzuela na súa condición de Presidente do Colexio Provincial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Coruña se presentaron alegacións contra o acordo inicial de aprobación da RPT do Concello de Oroso, no sentido de que resulta necesario proceder a configurar o posto de Tesourería como reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Logo de ver o informe asinado con data de 7/08/2019 emitido polo Secretario e o Interventor da Corporación, favorable a que se estime a alegación presentada e reiterando a necesidade de que por obriga legal se configure o posto de Tesourería do Concello como reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Considerando sen embargo que se ben é certo que existe a obriga legal de creación do posto de Tesourería reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a realización de tal modificación implicará tamén o cambio de situación da funcionaria administrativa que ven desenvolvendo as funcións de Tesourería actualmente, e que a realización de ditos cambios obrigarían á apertura dun novo proceso de negociación cos representantes sindicais.

Tendo en conta que debido á celebración de eleccións municipais e á constitución da corporación, a aprobación definitiva da RPT do Concello quedou demorada no tempo e que no caso de demorarse mais a súa aprobación correse o risco de non ser aprobada no exercicio 2019.

Considerando que é de interese para os traballadores a aprobación da RPT pola incidencia que a mesma ten na clarificación das funcións do persoal do Concello e a súa íntima relación coas retribucións dos mesmos, prevendo na mesma a suba do 2,25 % do complemento específico e da valoración máxima de puntos valor contida na RPT, coma consecuencia da aprobación do Real Decreto-lei 24/2018 para o exercicio 2019.

## PLENO

Tendo en conta que a competencia para a aprobación da Relación de postos de traballo está atribuída ao Pleno da Corporación, en virtude do establecido, no artigo 22.2 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o disposto no artigo 123 do RD 2568/1986, do 26 de novembro, esta Presidencia propón ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa a aprobación da seguinte PROPOSTA:

**PRIMEIRO:** Desestimar a alegación presentada con data de 6/05/2019 (RE 201999900000300) por D. José Antonio Rueda de Valenzuela na súa condición de Presidente do Colexio Provincial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Coruña contra o acordo inicial de aprobación da RPT do Concello de Oroso, por considerar que a aceptación da mesma levaría unha maior demora no tempo e implicaría a non aprobación da modificación da RPT no exercicio 2019, co prexuízo económico que suporía para toda a plantilla do Concello.

**SEGUNDO:** Comprometerse por parte do Concello de Oroso a iniciar as negociacións cos representantes sindicais e realización dos restantes trámites que sexan necesarios, a fin de modificar para o exercicio 2020 a RPT do Concello de Oroso, recollendo o posto de Tesourería como reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional e realizar as restantes modificacións que resulten derivadas desta.

**TERCEIRO:** Aprobar definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso de conformidade coa proposta de alcaldía asinada con data de 11/03/2019.

**CUARTO:** Proceder a notificar o presente acordo ao Colexio Provincial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Coruña, así como proceder a publicar no BOP o cadro resumo da RPT definitivamente aprobada.

E esta é a miña proposta sen prexuízo de que o Pleno da Corporación acorde o que considere oportuno.”

A continuación ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen sinala que en relación ao posto de Tesourería o seu grupo púxose en contacto coa Dirección Xeral de Administración Local e indicaron que era posible a creación dunha praza compartida entre varios concellos e consideran que neste caso sería unha moi boa opción para aforrar gastos.

D. Alexander Doval Expósito (PP) indica que se trata dun tema recorrente que xa foi obxecto de reparos noutros plenos, falárase de que non se ía a crear xa que se consideraba que non era necesaria nun Concello como o noso. Entendo de todos xeitos que agora non se crea se non que so é un compromiso para o 2020. En todo caso imos votar a favor.

## PLENO

O Sr. Alcalde sinala que o tema xa está moi manido e xa se debateu varias veces en Pleno, a cuestión é que por imperativo legal estamos obrigados a crear esta praza e en todo caso tendo en conta o pouco persoal co que contan as oficinas do Concello considero que a creación dunha praza resulta necesario.

O Sr. Alcalde da por rematado e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 OR e 1 BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos) adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Desestimar a alegación presentada con data de 6/05/2019 (RE 201999900000300) por D. José Antonio Rueda de Valenzuela na súa condición de Presidente do Colexio Provincial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Coruña contra o acordo inicial de aprobación da RPT do Concello de Oroso, por considerar que a aceptación da mesma levaría unha maior demora no tempo e implicaría a non aprobación da modificación da RPT no exercicio 2019, co prexuízo económico que suporía para toda a plantilla do Concello.

**SEGUNDO:** Comprometerse por parte do Concello de Oroso a iniciar as negociacións cos representantes sindicais e realización dos restantes trámites que sexan necesarios, a fin de modificar para o exercicio 2020 a RPT do Concello de Oroso, recollendo o posto de Tesourería como reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional e realizar as restantes modificacións que resulten derivadas desta.

**TERCEIRO:** Aprobar definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso de conformidade coa proposta de alcaldía asinada con data de 11/03/2019.

**CUARTO:** Proceder a notificar o presente acordo ao Colexio Provincial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Coruña, así como proceder a publicar no BOP o cadro resumo da RPT definitivamente aprobada.

**3.- Aprobar inicialmente a Ordenanza para a regulación da Administración Electrónica Municipal do Concello de Oroso (Exp. 2019/G013/000001).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada polo Alcalde que di:

LOGO DE VER que o Concello de Oroso, en sesión plenaria do 2 de marzo de 2012 aprobou a Ordenanza Municipal para a Regulación da Administración Electrónica Municipal que foi publicada de xeito provisional no BOP do 12 de marzo de 2012 e de xeito definitivo no BOP de 15 de maio

## PLENO

de 2012 entrando en vigor a mesma unha vez transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

LOGO DE VER que dita Ordenanza foi aprobada baixo a vixencia da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ambas hoxe en día derogadas como consecuencia da entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Esta situación obriga á necesaria actualización da ordenanza a fin de adaptala ao novo marco normativo vixente e á nova realidade na tramitación de procedementos electrónicos

Igualmente resulta necesario proceder á renovación dos certificados de Sede e Selo da Sede electrónica do Concello o que require modificar a dirección de referencia pasando da prevista na Ordenanza actual: <https://sede.oroso.es> á nova <https://sede.oroso.gal>.

Compre igualmente incorporar á nova Ordenanza a regulación correspondente á licitación electrónica, factura electrónica e notificación electrónica a fin de clarificar e concretar procedementos e actuacións que xa se veñen de feito realizando polo Concello.

LOGO DE VER o borrador de Ordenanza para as regulación da Administración Electrónica Municipal elaborado polos servizos xurídicos do Concello de Oroso e o informe favorable emitido polo Secretario do Concello con data de 17/09/2019.

Tendo en conta que a competencia para a aprobación inicial do mesmo lle corresponde ao Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, pola presente considerando o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse á consideración do Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO. APROBAR INICIALMENTE** a Ordenanza para a regulación da Administración Electrónica Municipal do Concello de Oroso co seguinte contido:

### **ORDENANZA PARA A REGULACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO.**

#### **Exposición de Motivos.**

O Concello de Oroso, en sesión plenaria do 2 de marzo de 2012 aprobou a Ordenanza Municipal para a Regulación da Administración Electrónica Municipal que foi publicada de xeito provisional no BOP do 12 de marzo de

## PLENO

2012 e de xeito definitivo no BOP de 15 de maio de 2012 entrando en vigor a mesma unha vez transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Dita Ordenanza foi aprobada baixo a vixencia da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ambas hoxe en día derogadas como consecuencia da entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Esta situación obriga á necesaria actualización da ordenanza a fin de adaptala ao novo marco normativo vixente e á nova realidade na tramitación de procedementos electrónicos

Igualmente resulta necesario proceder á renovación dos certificados de Sede e Selo da Sede electrónica do Concello o que require modificar a dirección de referencia pasando da prevista na Ordenanza actual: <https://sede.oroso.es> á nova <https://sede.oroso.gal>.

A fin de adaptarse ás esixencias da nova normativa en materia de notificación electrónica, o Concello de Oroso da man da Deputación Provincial decidiu adherirse ao Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia – Notifica.gal pertencente á Xunta de Galicia, sendo necesario que dita adhesión quede recollida igualmente na nova ordenanza municipal.

Por todo o sinalado compre que o Concello de Oroso se dote dunha nova Ordenanza para a regulación da administración electrónica municipal adaptada ás novidades producidas nos derradeiros anos e que derogue á aprobada polo Pleno con data de 2 de marzo de 2012.

### ÍNDICE

#### **TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS DE CARÁCTER XERAL.**

##### **CAPÍTULO I: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo.

Artigo 3. Ámbito de aplicación obxectivo.

##### **CAPÍTULO II: PRINCIPIOS XERAIS.**

Artigo 4. Principios xerais da administración electrónica.

#### **TÍTULO PRIMEIRO: DOS DEREITOS E DEBERES ELECTRÓNICOS DOS CIDADÁNS E DOS EMPREGADOS PÚBLICOS.**

##### **CAPÍTULO I: DOS DEREITOS E DEBERES DOS CIDADÁNS EN RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.**



## PLENO

Artigo 5. Dos dereitos dos cidadáns no marco da administración electrónica.

Artigo 6. Deberes dos cidadáns.

Artigo 7. Sistemas de acceso aos servizos electrónicos.

### CAPÍTULO II: DAS OBRIGAS ELECTRÓNICAS DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS DO CONCELLO

Artigo 8. Obriga de relacionarse de xeito electrónico co Concello.

Artigo 9. Obriga de tramitación electrónica dos expedientes.

## TÍTULO SEGUNDO: DO RÉXIME XURÍDICO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

### CAPÍTULO I: SEDE ELECTRÓNICA.

Artigo 10. Sede electrónica xeral.

Artigo 11. Calidade, usabilidade e accesibilidade.

Artigo 12. Información administrativa por medios electrónicos.

Artigo 13. Taboleiro de anuncios electrónico.

Artigo 14. O cartafol cidadán ou forma de acceso aos expedientes por parte dos cidadáns.

Artigo 15. Validación de copias verificables.

Artigo 16. Acceso aos contidos da sede electrónica.

Artigo 17. Seguridade.

### CAPÍTULO II: PORTAL WEB MUNICIPAL.

Artigo 18. Definición do Portal Web municipal.

Artigo 19. Organización do Portal Web municipal.

### CAPÍTULO III: DA IDENTIFICACIÓN E SINATURA ELECTRÓNICA.

Artigo 20. Formas de identificación electrónica dos cidadáns.

Artigo 21. Formas de sinatura electrónica dos cidadáns.

Artigo 22. Identificación e acreditación da vontade da cidadanía por parte dun empregado municipal.

### CAPÍTULO IV: DO REXISTRO ELECTRÓNICO.

Artigo 23. Creación, xestión e réxime xeral de funcionamento do Rexistro Electrónico.

Artigo 24. Información aos usuarios.

Artigo 25. Funcións do Rexistro Electrónico.

Artigo 26 Funcionamento.

Artigo 27 Requisitos para a admisión de documentos.

Artigo 28 Denegación do rexistro.

Artigo 29 Efectos da presentación.

Artigo 30 Cómputo de prazos.

Artigo 31 Autenticidade, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e conservación do contido dos asentos electrónicos.

### CAPÍTULO V: DOS REQUISITOS E EFICACIA DOS DOCUMENTOS E COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS.

Artigo 32. Condicións xerais da notificación electrónica.

Artigo 33. Formas de practicar a notificación electrónica.

### CAPÍTULO VI: DOS DOCUMENTOS E DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS.

Artigo 34. Documentos electrónicos.

## PLENO

- Artigo 35. Metadatos.
- Artigo 36. Copias electrónicas.
- Artigo 37. Actuacións automatizadas.
- Artigo 38. Arquivo e documentos electrónicos.

### **TÍTULO TERCEIRO: DA XESTIÓN ELECTRÓNICA DOS PROCEDEMENTOS.**

#### **CAPÍTULO I: DO PROCEDIMENTO XERAL.**

Artigo 39. Instrución e ordenación do procedemento utilizando medios electrónicos.

Artigo 40. Presentación de escritos, solicitudes, alegacións, documentos, declaracións responsables e comunicacións.

Artigo 41. Resolución do expediente.

#### **CAPÍTULO II: DAS ESPECIALIDADES PROCEDIMENTAIS**

Artigo 42. Especialidades do procedemento de licitación.

Artigo 43. Especialidades da presentación de facturas de xeito electrónico.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.**

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

**DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR.**

\*\*\*\*\*

### **TÍTULO PRELIMINAR**

#### **DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL.**

### **CAPÍTULO I**

#### **OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

##### **Artigo 1. Obxecto**

1. Esta Ordenanza regula o acceso e a utilización dos medios electrónicos no ámbito da Administración municipal do concello de Oroso, para facer posible a consecución máis eficaz dos principios de transparencia e eficacia administrativa, proximidade e servizo aos cidadáns, que se derivan do artigo 103 da constitución e do exercicio dos dereitos recoñecidos pola Lei 39/2015 do 1 de outubro reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPCAP).

2. Será obxecto desta ordenanza:

a. Establecer os dereitos e os deberes que deben rexer as relacións por medios electrónicos dos cidadáns coa Administración municipal, así como os deberes do persoal municipal respecto da mesma.

## PLENO

- b. Fixar os principios xerais para o impulso e o desenvolvemento da Administración electrónica no ámbito da Administración municipal.
- c. Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.

### **Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo.**

Esta Ordenanza será de aplicación ás entidades que, de aquí en diante, serán denominadas conxuntamente como administración municipal:

- a. Os órganos administrativos integrantes do Concello de Oroso.
- b. No seu caso, aos organismos autónomos municipais e/ou entidades públicas empresariais do Concello de Oroso, se existiran.
- c. Tamén poderá incorporarse a este ámbito de aplicación subxectivo os concesionarios públicos cando actúen en réxime de dereito público.

### **Artigo 3. Ámbito de aplicación obxectivo.**

1. Esta Ordenanza aplicarase ás actuacións en que participe a Administración municipal que leven a cabo por medios electrónicos, e concretamente ás seguintes:

- a. As relacións cos cidadáns que teñan carácter xurídico administrativo.
- b. A consulta por parte dos cidadáns da información pública administrativa e dos datos administrativos que estean en poder da administración municipal.
- c. A realización dos trámites e procedementos administrativos accesibles por vía electrónica, de conformidade co previsto nesta ordenanza.
- d. O tratamento da información obtida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades.

2. Os principios establecidos na presente ordenanza resultarán tamén de aplicación ás comunicacións dos cidadáns non sometidas ao ordenamento xurídico administrativo, e de maneira especial a comunicación de avisos e de incidencias, a presentación de reclamacións e queixas, a formulación de suxerencias, a realización de preguntas aos órganos municipais, as peticións e outras formas de participación, mentres non sexan obxecto dunha regulación específica.

3. Igualmente os principios definidos nesta Ordenanza rexerán as relacións entre a Administración municipal con outras Administracións que se realicen a través de medios electrónicos.

4. Para os efectos desta Ordenanza enténdese por medio electrónico calquera

## PLENO

mecanismo, equipo, instalación ou sistema de tratamento ou transmisión da información que permita producir, almacenar ou tratar datos ou informacións susceptibles de ser incorporados nun soporte electrónico, ou transmitir estes datos ou informacións mediante redes de comunicacións electrónicas, abarcando as redes de telecomunicacións e as utilizadas para a radiodifusión.

## CAPÍTULO II

## PRINCIPIOS XERAIS

**Artigo 4. Principios xerais da administración electrónica****A. En relación coa organización da administración electrónica:**

- **Principio de servizo ao cidadán**, na medida en que a administración electrónica ten como finalidade a aproximación da administración pública ao cidadán, garantindo o acceso deste aos servizos electrónicos municipais.
- **Principio de simplificación administrativa** A implantación dos medios electrónicos na administración municipal estará presidida pola simplificación administrativa. Aproveitarase a eficiencia que comporta a utilización de medios informáticos para eliminar todos os tramites e actuacións que non sexan relevantes e rediseñando os procesos e procedementos administrativos sempre de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación. A implantación dos medios electrónicos realizarase segundo os seguintes criterios:
- **Principio de impulso dos medios electrónicos.** Poderán establecerse incentivos e campañas de difusión para fomentar a utilización dos medios electrónicos entre os cidadáns.
- **Principio de neutralidade tecnolóxica.** As actuacións previstas na presente ordenanza levarán a cabo pola administración con independencia dos instrumentos tecnolóxicos utilizados, sendo a propia avaliación tecnolóxica a que determinará o uso, en cada momento, do instrumento tecnolóxico máis adecuado.
- **Principio de Interoperabilidade e ou compatibilidade.** A administración municipal garantirá a adopción dos estándares de Interoperabilidade e velará para que os sistemas de información utilizados por ela sexan compatibles e recoñezanse cos dos cidadáns e os doutras administracións.
- **Respecto á protección de datos de carácter persoal** nos termos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais así como da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e restante normativa de aplicación.
- **Principio de Transparencia e publicade.** Facilitarase no uso dos medios

## PLENO

electrónicos a máxima difusión, publicidade e transparencia das actuacións administrativas do procedemento e a que conste nos seus arquivos, de conformidade co resto do ordenamento xurídico e os principios desta ordenanza.

· **Principios de eficacia, eficiencia e economía.** A implantación da Administración electrónica municipal efectuácese de conformidade cos seguintes criterios:

- O impacto e a utilización polos cidadáns dos servizos que vía electrónica implantase o Concello.
- Os colectivos de poboación aos que se dirixe.
- As melloras alcanzable pola prestación do servizo.
- A integración dos sistemas de relación cos cidadáns, co resto da organización e cos sistemas de información municipal.
- A redución dos prazos e os tempos de resposta.
- O nivel de esforzo técnico, organizativo e económico requirido e a racionalización da distribución das cargas de traballo e as comunicacións internas.
- A madurez e a dispoñibilidade das tecnoloxías.

· **Principio de Cooperación.** Co obxectivo de mellorar o servizo aos cidadáns e a eficiencia na xestión, a Administración municipal establecerá convenios, acordos e contratos cos colexios profesionais, asociacións e outras entidades, para facilitar a relación dos seus asociados e clientes coa Administración municipal.

· **Principio de Participación.** Promoverá o uso dos medios electrónicos no exercicio dos dereitos, en especial o dereito de petición, os dereitos de audiencia e información pública, a iniciativa cidadá, as consultas e a presentación de reclamacións, queixas e suxerencias. Así mesmo promoverase o debate público e a expresión de ideas e opinións, a través de diferentes tipos de instrumentos propios dos medios electrónicos, considerando en todo caso os principios de boa fe e de utilización responsable.

### **B. En relación coa difusión da información administrativa electrónica:**

**O principio de consulta aberta,** garantindo o acceso á información administrativa que, de conformidade coas disposicións legais sexa de acceso xeral, sen esixir ningunha clase de identificación previa.

· **Principio de accesibilidade e usabilidade:** Establecemento de sistemas sinxelos que permitan obter información de interese de maneira rápida, segura e comprensible. Potenciará o uso de criterios unificados na procura e visualización da información que permitan da mellor maneira posible a difusión informativa, seguindo os criterios e estándares internacionais de accesibilidade e tratamento documental. Así mesmo, o Concello poñerá ao

## PLENO

dispor dos cidadáns con discapacidade ou especiais dificultades os medios necesarios para que poidan acceder á información administrativa a través de medios electrónicos, seguindo os criterios e estándares xeralmente recoñecidos.

· **Principio de completud e exactitude na información que publique o Concello.** Garantirá, no acceso á información por medios electrónicos, a obtención de documentos co contido exacto e fiel ao equivalente en soporte papel ou en soporte en que se emitiu o soporte orixinal. A dispoñibilidade da información en electrónico non debe impedir ou dificultar a atención personalizada nas oficinas públicas ou por outros medios tradicionais.

· **Principio de actualización.** Os diferentes órganos do Concello de Oro manterán actualizada a información administrativa que sexa accesible a través de canles electrónicas. Nas publicacións electrónicas constará a data de actualización.

· **Principio de consulta aberta dos recursos de información de acceso universal e aberto.** Garantirá o acceso á información administrativa que, de conformidade coas disposicións legais sexa de acceso xeral, sen esixir ningunha clase de identificación previa.

### C. Principios Xerais que informan o procedemento electrónico:

· **Principio de non discriminación por razón do uso de medios electrónicos.** O uso dos medios electrónicos non poderá supoñer discriminación ou restrición algunha para os cidadáns en relación ás súas relacións co Concello. Neste sentido, os sistemas de comunicación electrónica coa administración só configúranse como obrigatorios e exclusivos naqueles casos en que unha norma de rango legal así o estableza.

· **Principio de trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos.** Estableceranse sistemas e procedementos de trazabilidade que permitan aos cidadáns coñecer en todo momento, e a través de medios electrónicos, o estado da tramitación e o historial dos procedementos e documentos administrativos, sen prexuízo da aplicación dos medios técnicos necesarios para garantir a intimidade e a protección dos datos persoais das persoas afectadas.

· **Principio de intermodalidade de medios.** Garantírase que un procedemento iniciado por un medio poida continuar por outro diferente, a condición de que se asegure a integridade e seguridade xurídica do conxunto do procedemento. Os trámites e procedementos incorporados á tramitación por vía electrónica poderanse levar a cabo polas canles e de conformidade co previsto na presente ordenanza.

### D. Principios informadores de fomento e promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración electrónica.

## PLENO

· **Principio de cooperación e colaboración interadministrativas.** O Concello impulsará a firma, co resto de Administracións Públicas, de todos aqueles convenios e acordos necesarios para facer posibles e aplicable as previsións contidas nesta Ordenanza, en particular e entre outros, os que teñan por obxecto a fixación de estándares técnicos e o establecemento de mecanismos para intercambiar e compartir información, datos, procesos e aplicacións. O Concello publicará todos aqueles convenios asinados relativos a esta materia.

· **Principios de acceso e dispoñibilidade limitada.** O Concello facilitará o acceso do resto de Administracións Públicas aos datos relativos aos interesados que obren no seu poder e atópense en soporte electrónico, especificando as condicións, protocolos e criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos devanditos datos coas máximas garantías de seguridade e integridade e dispoñibilidade de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais así como da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e restante normativa de aplicación. A dispoñibilidade de tales datos limitarase estritamente a aqueles que son requiridos aos cidadáns polas restantes Administracións para a tramitación e resolución dos procedementos e actuacións da súa competencia de acordo coa normativa reguladora dos mesmos. No caso de que os datos requiridos sexa de carácter persoal, o acceso estará condicionado a que se conte co consentimento dos interesados nos termos da lei Orgánica citada anteriormente. O citado consentimento poderá solicitarse mediante medios electrónicos.

### TÍTULO PRIMEIRO

#### DOS DEREITOS E DEBERES ELECTRÓNICOS DOS CIDADÁNS E DOS EMPREGADOS PÚBLICOS.

##### CAPTÍTULO I

#### DOS DEREITOS E DEBERES DOS CIDADÁNS EN RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

##### **Artigo 5. Dos dereitos dos cidadáns no marco da administración Electrónica.**

1. De conformidade cos artigos 13 e 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recoñécese e garántese aos cidadáns, nos termos fixados na lexislación vixente, o dereito para relacionarse co Concello de Oroso utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos previstos no artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das

## PLENO

Administracións Públicas, así como para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar consentimento, iniciar actuacións efectuar pagos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos.

2. Ademais, dos dereitos xerais recoñecidos nos artigos citados no número anterior, no ámbito de aplicación da presente ordenanza recoñécense aos cidadáns os seguintes dereitos:

- a. Dereito a esixir da administración municipal que se dirixa a eles a través de medios electrónicos e obter documentos a través de formatos electrónicos.
- b. Dereito a gozar de contidos electrónicos accesibles, transparentes e comprensibles.
- c. Dereito a acceder á información administrativa, rexistros e arquivos a través de medios electrónicos.
- d. Dereito a acceder á administración electrónica independentemente das ferramentas tecnolóxicas utilizadas, das diminucións físicas, sensoriais ou psíquicas.
- e. Dereito a participar nos procesos de mellora da xestión municipal a través de medios electrónicos, e a recibir respostas ás peticións e consultas formuladas.
- f. Dereito a utilizar libre e gratuitamente os medios e servizos xerais electrónicos que se poñan á súa disposición para o seu emprego nas relacións coas administracións públicas.
- g. Dereito á utilización dos procedementos electrónicos dispoñibles dunha forma personalizada e directa.
- h. Á confidencialidade e protección dos seus datos persoais e ao resto dos dereitos que lle concede a normativa de protección de datos, en especial o dereito a que a información persoal entregada non poida ser destinada a ningunha outra finalidade.
- i. Á privacidade e seguridade nas súas comunicacións que poida facer o Concello na que consten os datos dos cidadáns.
- j. Á calidade dos servizos públicos prestado por medios electrónicos.
- k. A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos en que sexan interesados, salvo nos supostos nos que a normativa de aplicación estableza restricións ao acceso á información sobre aqueles.
- l. A obter copias electrónicas auténticas dos documentos electrónicos que formen parte do procedemento no que sexan interesados.
- m. Á conservación en formato electrónico polo Concello dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente.
- n.- A ser asistidos no uso dos medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas.
- ñ.- Os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados devanditos documentos. Presumírase que a consulta ou obtención é autorizada polos



## PLENO

interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso. Igualmente non se esixirá aos interesados a presentación de documentos orixinais, salvo que, con carácter excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.

### **Artigo 6. Deberes dos cidadáns**

1. Os cidadáns nas súas relacións coa administración municipal, só estarán obrigados ao cumprimento daqueles deberes que veñan establecidos expresamente na normativa vixente, de tal maneira que se garanta o exercicio de boa fe dos dereitos de acceso electrónico, evitando un uso abusivo dos mesmos.

2. En concreto, no marco da utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa e nas súas relacións coa administración municipal, a actuación dos cidadáns debe estar presidida polos seguintes deberes:

- a. Deber de utilizar os servizos e procedementos da administración electrónica de acordo co principio de boa fe.
- b. Deber de facilitar á administración municipal, no ámbito da administración electrónica, información veraz, precisa e adecuada aos fins para os que se solicita.
- c. Deber de identificarse nas relacións administrativas por medios electrónicos coa administración municipal, cando estas así o requiran.
- d. Deber de custodiar os elementos identificativos persoais e intransferibles utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa administración municipal.
- e. Deber de respectar o dereito á privacidade, confidencialidade e seguridade e o resto de dereitos en materia de protección de datos.
- f. Deber de non utilizar medios ou técnicas electrónicas que non fosen previamente aprobados ou homologados e publicitados debidamente polo Concello.

3. A Administración municipal velará polo cumprimento destes deberes, no marco do previsto na normativa aplicable e nas previsións desta ordenanza.

4. Terán a obrigaón de relacionarse de xeito electrónico co Concello para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo os seguintes suxeitos:

- a. As persoas xurídicas.
- b. As entidades sen personalidade xurídica.
- c. Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen co Concello en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso enténdense incluídos dentro desta categoría os notarios e os rexistradores da propiedade e mercantís.
- d. Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse de xeito electrónico co Concello.

## PLENO

- e. Os empregados/as do Concello de Oroso para os trámites e actuacións que realicen con este por razón da súa condición de empregado público na forma que se establece no Artigo 8..
- f. Quen aspire a ingresar ou acceder aos postos de funcionario convocados polo Concello de Oroso nos termos que estableza a convocatoria nos trámites de cumprimentación e presentación de solicitudes, aportación de documentación, pago de taxas e toma de posesión.
- g. Os membros da corporación cando actúen no exercicio dos seus cargos excepto no referente á convocatoria das sesións dos órganos colexiados e remisión de actas dos mesmos que se estará ao establecido no regulamento orgánico ou na lexislación sobre réxime local vixente.
- h. As persoas físicas ou xurídicas que contraten coa administración.

### **Artigo 7. Sistemas de acceso aos servizos electrónicos**

A administración municipal garantirá o acceso dos cidadáns aos servizos electrónicos a través dun sistema de varias canles que contén, polo menos, cos seguintes medios:

- a. As oficinas de atención presencial que se determinen, as cales poñerán a dispor da cidadanía de forma libre e gratuíta os medios e instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos na presente ordenanza debendo contar con asistencia e orientación sobre a súa utilización, ben a cargo do persoal das oficinas en que se sitúan ou ben por sistemas incorporados ao propio medio ou instrumento.
- b. Puntos de acceso electrónico, en forma de sede electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de comunicación:
  - Punto de acceso xeral a través do cal os cidadáns poden, nas súas relacións coa administración municipal e os seus organismos públicos, acceder a toda a información e aos servizos dispoñibles será o seguinte: <https://sede.orosogal>
  - Punto xeral de entrada de facturas electrónicas establecido pola Administración Xeral do Estado (FACE) (<https://face.gob.es>) para aqueles contratista e provedores do concello que teñan que presentar factura polos seus servizos ao concello.
  - Punto xeral de entrada de documentos establecido pola Administración Xeral do Estado ou Rexistro Electrónico Común (REC) (<https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>) a través do cal os cidadáns poderán presentar calquera documento electrónico dirixido ao Concello de Oroso.
  - Plataforma de Contratos do Sector Público establecido pola Administración Xeral do Estado (PLACSP) a través da cal os licitadores poderán presentar as súas ofertas ás licitacións públicas convocadas polo Concello de Oroso.

## **CAPÍTULO II**

### **DAS OBRIGAS ELECTRÓNICAS DOS/AS EMPREGADOS/AS**

## PLENO

### PÚBLICOS DO CONCELLO

#### **Artigo 8. Obriga de relacionarse de xeito electrónico co Concello.**

Os empregados do Concello de Oroso para os trámites e actuacións que realicen con este por razón da súa condición de empregado público estará obrigado a relacionarse exclusivamente de xeito electrónico.

Con carácter xeral o persoal municipal para a realización de calquera trámite utilizará a o rexistro electrónico municipal ou o rexistro electrónico común dependente da Administración do Estado.

A solicitude de permisos, vacacións e licenzas realizarase a través do sistema técnico de control horario co que conta o Concello. En defecto do mesmo ou en caso de avaría tales solicitudes serán realizadas a través da sede electrónica municipal ou de calquera outro rexistro electrónico compatible.

#### **Artigo 9. Obriga de tramitación electrónica dos expedientes.**

1.-Os empregados municipais estarán obrigados/as a tramitar de xeito electrónico todos os expedientes que sexan da súa responsabilidade.

2.-O Concello estará obrigado a poñer á disposición dos empregados municipais os medios técnicos necesarios para poder tramitar de xeito electrónico tales expedientes.

3.-Os empregados terán o deber de manter actualizada a súa formación e cualificación no referente á tramitación de expedientes electrónicos así como de poñer en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as propostas que consideren axeitadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade na que estean destinados.

4.-Os empregados municipais informarán aos cidadáns sobre os trámites electrónicos a realizar e facilitarán o exercicio dos dereitos e o cumprimento electrónico das súas obrigas.

5.-O incumprimento reiterado destas obrigas poderá dar lugar a incoación do correspondente expediente disciplinario.

### TÍTULO SEGUNDO

#### **DO RÉXIME XURÍDICO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

##### **CAPÍTULO I**

##### **SEDE ELECTRÓNICA**

#### **Artigo 10. Sede electrónica xeral**

1. A sede electrónica é o sitio electrónico ao que se accede mediante a

## PLENO

dirección que o Concello de Oroso pon ao dispor dos cidadáns para relacionarse de xeito electrónico coa Administración municipal e mediante a cal terán acceso a todos os servizos da administración electrónica. A súa titularidade, administración e xestión corresponde ao Concello, en exercicio da súa correspondente competencia, sen prexuízo da colaboración prestada pola Deputación Provincial.

2. A Sede electrónica do Concello de Oroso, correspóndese coa dirección electrónica: <https://sede.orosogal> e en todo caso poderase acceder mediante a páxina web municipal.

Corresponde ao Concello de Oroso a titularidade do certificado de sede electrónica, así como a responsabilidade sobre seus propios contidos e os servizos que poñan a disposición dos cidadáns.

Corresponde á Deputación Provincial a custodia do certificado da sede electrónica municipal.

3. O Concello de Oroso poderá, se o estima oportuno, crear subedes electrónicas mediante resolución de Alcaldía publicándose as mesmas na sede do Concello.

### **Artigo 11. Calidade, usabilidade e accesibilidade**

1. O Concello velará pola calidade de toda a información posta a disposición na súa sede electrónica, identificando debidamente e mencionando a orixe da obtida de fontes externas.

2. O Concello non se fai responsable da información que se poida obter a través de fontes externas que non dependan delas, nin tampouco das opinións que poidan expresar, a través da sede electrónica municipal, as persoas non vinculadas ás entidades e organismos integrantes da Administración municipal.

3. O Concello velará por que o deseño da súa sede electrónica e a estrutura dos menús facilite o seu uso pola cidadanía, seguindo as normas e aplicando as metodoloxías definidas para a mellora da usabilidade dos sitios web.

4. A sede municipal cumprirá os estándares de accesibilidade e calidade recomendados para as administración públicas e garantirá na medida do posible que os servizos, informacións, trámites e procedementos obxecto desta ordenanza sexan accesibles desde os principais sistemas operativos do mercado incluíndo os de código aberto.

5. Os servizos da sede electrónica estarán operativos as 24 horas do día, todos os días do ano. Cando por razóns técnicas prevese que a sede electrónica ou algúns dos seus servizos poidan non estar operativos, informarase diso con antelación suficiente aos usuarios indicando cales son os medios alternativos de consulta dispoñible.

## PLENO

6. A prestación dos servizos e relacións que manteñan, os órganos, servizos e entidades do Concello de Oroso desenvolverase de conformidade coa lexislación que regula o tratamento automatizado da información, con especial vixilancia en relación ao tratamento dos datos persoais e os que poidan afectar á propiedade intelectual, así como aos servizos da sociedade da información.

7. O uso dos medios e técnicas electrónicas, en ningún caso poden supoñer ningunha modificación da natureza e efectos dos actos administrativos, nin supoñerá a eliminación, redución ou condicionamento dos dereitos recoñecidos aos cidadáns.

**Artigo 12. Información administrativa por medios electrónicos**

1. Nesta sede, poñerase ao dispor dos cidadáns, a relación de servizos e o modo de acceso aos mesmos, debendo manterse coordinado, polo menos, cos restantes puntos de acceso electrónico da administración municipal e os seus organismos públicos.

2. O contido e os servizos incluídos na sede electrónica estarán dispoñibles en galego e en castelán.

3. A través desta sede os cidadáns terán acceso libre e permanente como mínimo á seguinte información:

a. Os procedementos administrativos que se tramitan por medios electrónicos, con indicación dos requisitos esenciais e dos prazos de resolución e notificación, así como o sentido do silencio.

b. Os impresos e formularios dos trámites e procedementos municipais.

c. O acceso electrónico aos trámites xestións e notificacións nas que teña a condición de interesado.

c. Rexistro electrónico con indicación da data e hora oficial da sede electrónica.

d. A vía para a presentación e tramitación electrónica de suxestións, queixas ou reclamacións.

f. Cláusulas obrigatorias de responsabilidade, protección de datos e calidade, en relación ao titular da sede electrónica e coa información que figure na mesma.

g. Enlace ao portal de transparencia do Concello de Oroso, ao perfil de contratante, ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACE), ao sistema de notificación electrónica (notific@) e ao rexistro electrónico común (REC).

h. Enlace a outras sedes ou direccións electrónicas en Internet, de interese relevante en relación co ámbito competencial do titular da sede electrónica.

i. Os datos de localización, como son a dirección postal, número de telefono e dirección de correo electrónico do Concello de Oroso.

j. O taboleiro de anuncios electrónico.

## PLENO

k. O sistema de cotexo a través do código de verificación que permita garantir a integridade do documento electrónico de conformidade co previsto no artigo 27.3.c da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

l. O calendario oficial onde se recollan os días inhábiles no Concello de Oroso.

### **Artigo 42. Especialidades do procedemento de licitación.**

1. O procedemento de licitación rexeráse polo previsto na lexislación de contratos das Administracións Públicas vixente en cada momento.

2. A tramitación dos procedementos de adxudicación de contratos regulados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, suporá a práctica das notificacións e comunicacións derivadas dos mesmos por medios exclusivamente electrónicos. A presentación de ofertas e solicitudes de participación levaráse a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na Disposición adicional decimo quinta da citada Lei e coas excepcións establecidas na mesma.

3. Os órganos de contratación e os servizos dependentes dos mesmos velarán porque todas as comunicacións, intercambios de información e operacións de almacenamento e custodia de información se preserven a integridade dos datos e a confidencialidade das ofertas e das solicitudes de participación. Ademais, deberán garantir que o contido das ofertas e das solicitudes de participación non é coñecido ata despois de finalizado o prazo para a súa presentación e ata o momento fixado para a súa apertura.

4. En xeral o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de contratación axustaranse ás normas establecidas na Disposición Adicional décimo sexa da Lei 9/2017.

5. O Concello de Oroso estará adherido á Plataforma de Contratos do Sector Público dependente da Administración do Estado

## PLENO

(<https://contraciondeestado.es>) tanto para aloxar o perfil do contratante como para artellar as licitacións electrónicas a través da mesma. Non se admitirá a presentación de ofertas en formato papel ou en calquera outro rexistro ou por outro medio, en especial correo postal, fax, correo electrónico ou outros medios telemáticos.

O Concello de Oroso non é titular da Plataforma de Contratos do Sector Público e polo tanto non prestará asistencia técnica ante calquera incidencia ou resolución de dúbidas á hora de presentar as ofertas ou realizar calquera outro tipo de trámite a través da mesma. Calquera alegación ou reclamación presentada polos interesados sobre a imposibilidade de presentar oferta en prazo por problemas informáticos da citada plataforma so será tomada en consideración cando veña soportada polo oportuno certificado ou informe do titular da plataforma que acredite que se atopaba fora de servizo en dito lapso temporal.

6. Todos os requirimentos, actos e acordo do órgano de contratación e da mesa de contratación notificaranse ao adxudicatario e ao resto dos licitadores interesados, exclusivamente de forma telemática, a través das súas direccións electrónicas habilitadas únicas abertas nas seguintes plataformas:

a. Na plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondeestado.es>). Ao presentar oferta para participar nese procedemento de licitación os licitadores deberán autorizar expresamente ao concello de Oroso o uso de comunicacións electrónicas, indicando o correo electrónico para a recepción de avisos. Neste caso tales comunicacións non requirirán de ser rexistradas previamente no rexistro electrónico da Corporación ao ser realizadas xa a través da propia plataforma de contratación.

b. Na plataforma notific@ da Xunta de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>)

Os licitadores estarán obrigados a darse de alta nas plataformas indicadas, podendo o servizo de contratación do concello no suposto da plataforma Notific@ procederá a dalo de alta de oficio sempre e cando teña facilitado os datos necesarios e consentido.

7. Os licitadores estarán obrigados a dispoñer dos medios técnicos precisos (hardware, certificados dixitais, etc..) para acceder a ditas plataformas e parametrizalas de forma conveniente para recibir as notificacións e comunicacións electrónicas emitidas polos Concello de Oroso, así como manter vixente ditas direccións electrónicas habilitadas. Calquera cambio da dirección de correo electrónico asociada a dita dirección deberá ser comunicada ao Concello por escrito remitido a través da sede electrónica municipal.

**Artigo 43. Especialidade da presentación de facturas de xeito electrónico.**

## PLENO

1. O lugar de presentación das facturas electrónicas será o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas establecido pola Administración Xeral do Estado (FACe) (<https://face.gob.es>), ao que o concello adheriuse de conformidade co previsto na Disposición adicional quinta da lei 25/2013.

2. As facturas expedidas polos contratistas, inscribíranse no Rexistro contable de facturas dependente do departamento de Intervención-Tesourería, debendo conter como mínimo:

- a) Emisión ó Concello, con especificación do seu NIF.
- b) Identificación do contratista, con especificación do seu NIF, domicilio fiscal, localidade e código postal.
- c) Número de factura e no seu caso serie.
- d) Lugar e data de emisión da factura.
- e) Descrición suficiente da prestación que se factura, con detalle das unidades obxecto de servizo, obra ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha de elas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o valor engadido.
- f) Período que corresponda.

3. Ademais deberase consignarse en cada factura a seguinte información, que será publicada na páxina web municipal ou Sede Electrónica, determinándose a nomenclatura e códigos das unidades anteriores nas Bases de Execución do Orzamento de cada exercicio en función da organización interna e delegacións vixentes en cada momento:

- a) Código DIR do Concello.
- b) Órgano decisorio/xestor e o eu Código DIR
- c) Unidade contable e Código DIR
- d) Unidades tramitadoras e Código DIR.

4. Adicionalmente, nas condicións sinaladas nos pregos ou condicións de cada contrato, o concello poderá esixir o enchemento de calquera campo previsto no formato estruturado de factura electrónica vixente en cada momento, sexa obrigatorio ou non, coa información necesaria que identifique claramente os conceptos facturados.

5. Coa factura deberá acompañarse da documentación adicional esixida polo contrato asinado, que acredite a prestación efectiva dos servizos, subministracións e obras obxecto de facturación ( albarás, follas de control, certificacións de obra, etc.) en formato PDF ou outros específicos esixidos en cada contrato.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Todas aquelas referencias a direccións url dos recursos que contéñense nesta ordenanza entenderanse automaticamente actualizadas cando os organismos titulares dos mesmos as modifiquen, dándose a oportuna publicidade aos devanditos cambios a traveso do portal web municipal, Sede Electrónica,

## PLENO

pregos de contratación e en xeral modelos e impresos postos a disposición do público. No suposto de urls de recursos de titularidade do concello de Oroso, darase ademais publicidade adicional a traveso de publicación de anuncios no Taboleiro de Edictos e Boletín Oficial da Provincia.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

Autorízase á Alcaldía-Presidencia á aprobación de toda clase de modelos e instancias normalizadas necesarias para facer efectivas as disposicións establecidas na presente ordenanza.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Á entrada en vigor da presente ordenanza quedará derrogada a Ordenanza Municipal para a regulación da Administración Electrónica Municipal do Concello de Oroso aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión plenaria de 2 de marzo de 2012 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación non BOP número 91 do 15 de maio de 2012. Así mesmo quedarán derrogas todas aquelas disposicións das restantes ordenanzas municipais que non se adapten ao previsto nesta.

### **DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR.**

A presente ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**SEGUNDO.** INICIAR un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no *Boletín oficial da provincia da Coruña*, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinar lo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** ELEVAR A DEFINITIVO o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.”

Seguidamente ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen considera axeitado a aprobación dunha ordenanza municipal a fin de adaptarse ás novidades introducidas pola Lei 39/2015 e é partidario da administración electrónica pero tamén da política electrónica, e neste sentido considera que deberían contar todos os concelleiros cun mail corporativo e igualmente que deberían contar cunha tablet. Neste sentido na Comisión Informativa se me contestou que existía para eso unha subvención que se concedía a cada grupo político e que este podía usar no que considerase oportuno pero revisando as facturas do Concello vemos como se lles meraron tres tablets a concelleiros do grupo

## PLENO

de goberno. Igualmente sinala que as sesións das comisións informativas deberían realizarse a distancia por video conferencia.

O Sr. Alcalde considera que non existe ningún problema en que os concelleiros conten cun enderezo electrónico corporativo e en canto ás tablets tampouco ve problema en que cando se proceda a licitar o seguinte contrato de telefonía se inclúa o subministro dunha tablet para cada voceiro. O que non considera procedente é realizar as sesións das comisións informativas por video conferencia. En todo caso quere engadir que aos concelleiros aos que se lles mercou a tablet é porque teñen que firmar electrónicamente trámites municipais.

Finalmente intervén D. Alesander Doval Expósito quen consiera que a ordenanza é semellante a de outros concellos e polo tanto van a votar a favor.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos) adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO. APROBAR INICIALMENTE** a Ordenanza para a regulación da Administración Electrónica Municipal do Concello de Oroso co seguinte contido:

### **ORDENANZA PARA A REGULACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO.**

#### **Exposición de Motivos.**

O Concello de Oroso, en sesión plenaria do 2 de marzo de 2012 aprobou a Ordenanza Municipal para a Regulación da Administración Electrónica Municipal que foi publicada de xeito provisional no BOP do 12 de marzo de 2012 e de xeito definitivo no BOP de 15 de maio de 2012 entrando en vigor a mesma unha vez transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Dita Ordenanza foi aprobada baixo a vixencia da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ambas hoxe en día derogadas como consecuencia da entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Esta situación obriga á necesaria actualización da ordenanza a fin de adaptala ao novo marco normativo vixente e á nova realidade na tramitación de procedementos electrónicos

## PLENO

Igualmente resulta necesario proceder á renovación dos certificados de Sede e Selo da Sede electrónica do Concello o que require modificar a dirección de referencia pasando da prevista na Ordenanza actual: <https://sede.oroso.es> á nova <https://sede.oroso.gal>.

A fin de adaptarse ás esixencias da nova normativa en materia de notificación electrónica, o Concello de Oroso da man da Deputación Provincial decidiu adherirse ao Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia – Notifica.gal pertencente á Xunta de Galicia, sendo necesario que dita adhesión quede recollida igualmente na nova ordenanza municipal.

Por todo o sinalado compre que o Concello de Oroso se dote dunha nova Ordenanza para a regulación da administración electrónica municipal adaptada ás novidades producidas nos derradeiros anos e que derogue á aprobada polo Pleno con data de 2 de marzo de 2012.

### ÍNDICE

#### **TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS DE CARÁCTER XERAL.**

##### **CAPÍTULO I: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo.

Artigo 3. Ámbito de aplicación obxectivo.

##### **CAPÍTULO II: PRINCIPIOS XERAIS.**

Artigo 4. Principios xerais da administración electrónica.

#### **TÍTULO PRIMEIRO: DOS DEREITOS E DEBERES ELECTRÓNICOS DOS CIDADÁNS E DOS EMPREGADOS PÚBLICOS.**

##### **CAPÍTULO I: DOS DEREITOS E DEBERES DOS CIDADÁNS EN RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.**

Artigo 5. Dos dereitos dos cidadáns no marco da administración electrónica.

Artigo 6. Deberes dos cidadáns.

Artigo 7. Sistemas de acceso aos servizos electrónicos.

##### **CAPÍTULO II: DAS OBRIGAS ELECTRÓNICAS DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS DO CONCELLO**

Artigo 8. Obriga de relacionarse de xeito electrónico co Concello.

Artigo 9. Obriga de tramitación electrónica dos expedientes.

#### **TÍTULO SEGUNDO: DO RÉXIME XURÍDICO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.**

##### **CAPÍTULO I: SEDE ELECTRÓNICA.**

Artigo 10. Sede electrónica xeral.

Artigo 11. Calidade, usabilidade e accesibilidade.

## PLENO

- Artigo 12. Información administrativa por medios electrónicos.  
Artigo 13. Taboleiro de anuncios electrónico.  
Artigo 14. O cartafol cidadán ou forma de acceso aos expedientes por parte dos cidadáns.  
Artigo 15. Validación de copias verificables.  
Artigo 16. Acceso aos contidos da sede electrónica.  
Artigo 17. Seguridade.  
CAPÍTULO II: PORTAL WEB MUNICIPAL.  
Artigo 18. Definición do Portal Web municipal.  
Artigo 19. Organización do Portal Web municipal.  
CAPÍTULO III: DA IDENTIFICACIÓN E SINATURA ELECTRÓNICA.  
Artigo 20. Formas de identificación electrónica dos cidadáns.  
Artigo 21. Formas de sinatura electrónica dos cidadáns.  
Artigo 22. Identificación e acreditación da vontade da cidadanía por parte dun empregado municipal.  
CAPÍTULO IV: DO REXISTRO ELECTRÓNICO.  
Artigo 23. Creación, xestión e réxime xeral de funcionamento do Rexistro Electrónico.  
Artigo 24. Información aos usuarios.  
Artigo 25. Funcións do Rexistro Electrónico.  
Artigo 26 Funcionamento.  
Artigo 27 Requisitos para a admisión de documentos.  
Artigo 28 Denegación do rexistro.  
Artigo 29 Efectos da presentación.  
Artigo 30 Cómputo de prazos.  
Artigo 31 Autenticidade, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e conservación do contido dos asentos electrónicos.  
CAPÍTULO V: DOS REQUISITOS E EFICACIA DOS DOCUMENTOS E COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS.  
Artigo 32. Condicións xerais da notificación electrónica.  
Artigo 33. Formas de practicar a notificación electrónica.  
CAPÍTULO VI: DOS DOCUMENTOS E DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS.  
Artigo 34. Documentos electrónicos.  
Artigo 35. Metadatos.  
Artigo 36. Copias electrónicas.  
Artigo 37. Actuacións automatizadas.  
Artigo 38. Arquivo e documentos electrónicos.

## **TÍTULO TERCEIRO: DA XESTIÓN ELECTRÓNICA DOS PROCEDEMENTOS.**

- CAPÍTULO I: DO PROCEDIMENTO XERAL.  
Artigo 39. Instrución e ordenación do procedemento utilizando medios electrónicos.  
Artigo 40. Presentación de escritos, solicitudes, alegacións, documentos, declaracións responsables e comunicacións.  
Artigo 41. Resolución do expediente.

## PLENO

## CAPÍTULO II: DAS ESPECIALIDADES PROCEDIMENTAIS

Artigo 42. Especialidades do procedemento de licitación.

Artigo 43. Especialidades da presentación de facturas de xeito electrónico.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.**

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

**DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR.**

\*\*\*\*\*

## TÍTULO PRELIMINAR

**DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL.**

## CAPÍTULO I

## OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

**Artigo 44. Obxecto**

1. Esta Ordenanza regula o acceso e a utilización dos medios electrónicos no ámbito da Administración municipal do concello de Oroso, para facer posible a consecución máis eficaz dos principios de transparencia e eficacia administrativa, proximidade e servizo aos cidadáns, que se derivan do artigo 103 da constitución e do exercicio dos dereitos recoñecidos pola Lei 39/2015 do 1 de outubro reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPCAP).

2. Será obxecto desta ordenanza:

- a. Establecer os dereitos e os deberes que deben rexer as relacións por medios electrónicos dos cidadáns coa Administración municipal, así como os deberes do persoal municipal respecto da mesma.
- b. Fixar os principios xerais para o impulso e o desenvolvemento da Administración electrónica no ámbito da Administración municipal.
- c. Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.

**Artigo 45. Ámbito de aplicación subxectivo.**

Esta Ordenanza será de aplicación ás entidades que, de aquí en diante, serán denominadas conxuntamente como administración municipal:

- a. Os órganos administrativos integrantes do Concello de Oroso.
- b. No seu caso, aos organismos autónomos municipais e/ou entidades públicas empresariais do Concello de Oroso, se existiran.



## PLENO

c. Tamén poderá incorporarse a este ámbito de aplicación subxectivo os concesionarios públicos cando actúen en réxime de dereito público.

### **Artigo 46. Ámbito de aplicación obxectivo.**

1. Esta Ordenanza aplicarase ás actuacións en que participe a Administración municipal que leven a cabo por medios electrónicos, e concretamente ás seguintes:

- a. As relacións cos cidadáns que teñan carácter xurídico administrativo.
- b. A consulta por parte dos cidadáns da información pública administrativa e dos datos administrativos que estean en poder da administración municipal.
- c. A realización dos trámites e procedementos administrativos accesibles por vía electrónica, de conformidade co previsto nesta ordenanza.
- d. O tratamento da información obtida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades.

2. Os principios establecidos na presente ordenanza resultarán tamén de aplicación ás comunicacións dos cidadáns non sometidas ao ordenamento xurídico administrativo, e de maneira especial a comunicación de avisos e de incidencias, a presentación de reclamacións e queixas, a formulación de suxerencias, a realización de preguntas aos órganos municipais, as peticións e outras formas de participación, mentres non sexan obxecto dunha regulación específica.

3. Igualmente os principios definidos nesta Ordenanza rexerán as relacións entre a Administración municipal con outras Administracións que se realicen a través de medios electrónicos.

4. Para os efectos desta Ordenanza enténdese por medio electrónico calquera mecanismo, equipo, instalación ou sistema de tratamento ou transmisión da información que permita producir, almacenar ou tratar datos ou informacións susceptibles de ser incorporados nun soporte electrónico, ou transmitir estes datos ou informacións mediante redes de comunicacións electrónicas, abarcando as redes de telecomunicacións e as utilizadas para a radiodifusión.

## **CAPÍTULO II**

### **PRINCIPIOS XERAIS**

#### **Artigo 47. Principios xerais da administración electrónica**

##### **A. En relación coa organización da administración electrónica:**

## PLENO

- **Principio de servizo ao cidadán**, na medida en que a administración electrónica ten como finalidade a aproximación da administración pública ao cidadán, garantindo o acceso deste aos servizos electrónicos municipais.
- **Principio de simplificación administrativa** A implantación dos medios electrónicos na administración municipal estará presidida pola simplificación administrativa. Aproveitarase a eficiencia que comporta a utilización de medios informáticos para eliminar todos os tramites e actuacións que non sexan relevantes e redeseñando os procesos e procedementos administrativos sempre de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación. A implantación dos medios electrónicos realizarase segundo os seguintes criterios:
- **Principio de impulso dos medios electrónicos.** Poderán establecerse incentivos e campañas de difusión para fomentar a utilización dos medios electrónicos entre os cidadáns.
- **Principio de neutralidade tecnolóxica.** As actuacións previstas na presente ordenanza levarán a cabo pola administración con independencia dos instrumentos tecnolóxicos utilizados, sendo a propia avaliación tecnolóxica a que determinará o uso, en cada momento, do instrumento tecnolóxico máis adecuado.
- **Principio de Interoperabilidade e ou compatibilidade.** A administración municipal garantirá a adopción dos estándares de Interoperabilidade e velará para que os sistemas de información utilizados por ela sexan compatibles e recoñezanse cos dos cidadáns e os doutras administracións.
- **Respecto á protección de datos de carácter persoal** nos termos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais así como da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e restante normativa de aplicación.
- **Principio de Transparencia e publicidade.** Facilitarase no uso dos medios electrónicos a máxima difusión, publicidade e transparencia das actuacións administrativas do procedemento e a que conste nos seus arquivos, de conformidade co resto do ordenamento xurídico e os principios desta ordenanza.
- **Principios de eficacia, eficiencia e economía.** A implantación da Administración electrónica municipal efectuácese de conformidade cos seguintes criterios:
  - O impacto e a utilización polos cidadáns dos servizos que vía electrónica implantase o Concello.
  - Os colectivos de poboación aos que se dirixe.
  - As melloras alcanzable pola prestación do servizo.
  - A integración dos sistemas de relación cos cidadáns, co resto da

## PLENO

organización e cos sistemas de información municipal.

- A redución dos prazos e os tempos de resposta.
- O nivel de esforzo técnico, organizativo e económico requirido e a racionalización da distribución das cargas de traballo e as comunicacións internas.
- A madurez e a dispoñibilidade das tecnoloxías.

· **Principio de Cooperación.** Co obxectivo de mellorar o servizo aos cidadáns e a eficiencia na xestión, a Administración municipal establecerá convenios, acordos e contratos cos colexios profesionais, asociacións e outras entidades, para facilitar a relación dos seus asociados e clientes coa Administración municipal.

· **Principio de Participación.** Promoverá o uso dos medios electrónicos no exercicio dos dereitos, en especial o dereito de petición, os dereitos de audiencia e información pública, a iniciativa cidadá, as consultas e a presentación de reclamacións, queixas e suxerencias.

Así mesmo promoverase o debate público e a expresión de ideas e opinións, a través de diferentes tipos de instrumentos propios dos medios electrónicos, considerando en todo caso os principios de boa fe e de utilización responsable.

### **B. En relación coa difusión da información administrativa electrónica:**

**O principio de consulta aberta,** garantindo o acceso á información administrativa que, de conformidade coas disposicións legais sexa de acceso xeral, sen esixir ningunha clase de identificación previa.

· **Principio de accesibilidade e usabilidade:** Establecemento de sistemas sinxelos que permitan obter información de interese de maneira rápida, segura e comprensible. Potenciará o uso de criterios unificados na procura e visualización da información que permitan da mellor maneira posible a difusión informativa, seguindo os criterios e estándares internacionais de accesibilidade e tratamento documental. Así mesmo, o Concello poñerá ao dispor dos cidadáns con discapacidade ou especiais dificultades os medios necesarios para que poidan acceder á información administrativa a través de medios electrónicos, seguindo os criterios e estándares xeralmente recoñecidos.

· **Principio de completud e exactitude na información que publique o Concello.** Garantirá, no acceso á información por medios electrónicos, a obtención de documentos co contido exacto e fiel ao equivalente en soporte papel ou en soporte en que se emitiu o soporte orixinal. A dispoñibilidade da información en electrónico non debe impedir ou dificultar a atención personalizada nas oficinas públicas ou por outros medios tradicionais.

· **Principio de actualización.** Os diferentes órganos do Concello de Oroso manterán actualizada a información administrativa que sexa accesible a

## PLENO

través de canles electrónicas. Nas publicacións electrónicas constará a data de actualización.

- **Principio de consulta aberta dos recursos de información de acceso universal e aberto.** Garantirá o acceso á información administrativa que, de conformidade coas disposicións legais sexa de acceso xeral, sen esixir ningunha clase de identificación previa.

### C. Principios Xerais que informan o procedemento electrónico:

- **Principio de non discriminación por razón do uso de medios electrónicos.** O uso dos medios electrónicos non poderá supoñer discriminación ou restrición algunha para os cidadáns en relación ás súas relacións co Concello. Neste sentido, os sistemas de comunicación electrónica coa administración só configuránsense como obrigatorios e exclusivos naqueles casos en que unha norma de rango legal así o estableza.

- **Principio de trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos.** Estableceranse sistemas e procedementos de trazabilidade que permitan aos cidadáns coñecer en todo momento, e a través de medios electrónicos, o estado da tramitación e o historial dos procedementos e documentos administrativos, sen prexuízo da aplicación dos medios técnicos necesarios para garantir a intimidade e a protección dos datos persoais das persoas afectadas.

- **Principio de intermodalidade de medios.** Garantirase que un procedemento iniciado por un medio poida continuar por outro diferente, a condición de que se asegure a integridade e seguridade xurídica do conxunto do procedemento. Os trámites e procedementos incorporados á tramitación por vía electrónica poderanse levar a cabo polas canles e de conformidade co previsto na presente ordenanza.

### D. Principios informadores de fomento e promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración electrónica.

- **Principio de cooperación e colaboración interadministrativas.** O Concello impulsará a firma, co resto de Administracións Públicas, de todos aqueles convenios e acordos necesarios para facer posibles e aplicable as previsións contidas nesta Ordenanza, en particular e entre outros, os que teñan por obxecto a fixación de estándares técnicos e o establecemento de mecanismos para intercambiar e compartir información, datos, procesos e aplicacións. O Concello publicará todos aqueles convenios asinados relativos a esta materia.

- **Principios de acceso e dispoñibilidade limitada.** O Concello facilitará o acceso do resto de Administracións Públicas aos datos relativos aos interesados que obren no seu poder e atópanse en soporte electrónico, especificando as condicións, protocolos e criterios funcionais ou técnicos

## PLENO

necesarios para acceder aos devanditos datos coas máximas garantías de seguridade e integridade e dispoñibilidade de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais así como da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e restante normativa de aplicación. A dispoñibilidade de tales datos limitarase estritamente a aqueles que son requiridos aos cidadáns polas restantes Administracións para a tramitación e resolución dos procedementos e actuacións da súa competencia de acordo coa normativa reguladora dos mesmos. No caso de que os datos requiridos sexa de carácter persoal, o acceso estará condicionado a que se conte co consentimento dos interesados nos termos da lei Orgánica citada anteriormente. O citado consentimento poderá solicitarse mediante medios electrónicos.

### TÍTULO PRIMEIRO

#### DOS DEREITOS E DEBERES ELECTRÓNICOS DOS CIDADÁNS E DOS EMPREGADOS PÚBLICOS.

#### CAPTÍTULO I

#### DOS DEREITOS E DEBERES DOS CIDADÁNS EN RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

##### **Artigo 48. Dos dereitos dos cidadáns no marco da administración Electrónica.**

1. De conformidade cos artigos 13 e 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recoñécese e garátese aos cidadáns, nos termos fixados na lexislación vixente, o dereito para relacionarse co Concello de Oroso utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos previstos no artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar consentimento, iniciar actuacións efectuar pagos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos.

2. Ademais, dos dereitos xerais recoñecidos nos artigos citados no número anterior, no ámbito de aplicación da presente ordenanza recoñécense aos cidadáns os seguintes dereitos:

- a. Dereito a esixir da administración municipal que se dirixa a eles a través de medios electrónicos e obter documentos a través de formatos electrónicos.
- b. Dereito a gozar de contidos electrónicos accesibles, transparentes e comprensibles.
- c. Dereito a acceder á información administrativa, rexistros e arquivos a través de medios electrónicos.

## PLENO

- d. Dereito a acceder á administración electrónica independentemente das ferramentas tecnolóxicas utilizadas, das diminucións físicas, sensoriais ou psíquicas.
- e. Dereito a participar nos procesos de mellora da xestión municipal a través de medios electrónicos, e a recibir respostas ás peticións e consultas formuladas.
- f. Dereito a utilizar libre e gratuitamente os medios e servizos xerais electrónicos que se poñan á súa disposición para o seu emprego nas relacións coas administracións públicas.
- g. Dereito á utilización dos procedementos electrónicos dispoñibles dunha forma personalizada e directa.
- h. Á confidencialidade e protección dos seus datos persoais e ao resto dos dereitos que lle concede a normativa de protección de datos, en especial o dereito a que a información persoal entregada non poida ser destinada a ningunha outra finalidade.
- i. Á privacidade e seguridade nas súas comunicacións que poida facer o Concello na que consten os datos dos cidadáns.
- j. Á calidade dos servizos públicos prestado por medios electrónicos.
- k. A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos en que sexan interesados, salvo nos supostos nos que a normativa de aplicación estableza restricións ao acceso á información sobre aqueles.
- l. A obter copias electrónicas auténticas dos documentos electrónicos que formen parte do procedemento no que sexan interesados.
- m. Á conservación en formato electrónico polo Concello dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente.
- n.- A ser asistidos no uso dos medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas.
- ñ.- Os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados devanditos documentos. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso. Igualmente non se esixirá aos interesados a presentación de documentos orixinais, salvo que, con carácter excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.

**Artigo 49. Deberes dos cidadáns**

1. Os cidadáns nas súas relacións coa administración municipal, só estarán obrigados ao cumprimento daqueles deberes que veñan establecidos expresamente na normativa vixente, de tal maneira que se garanta o exercicio de boa fe dos dereitos de acceso electrónico, evitando un uso abusivo dos mesmos.
2. En concreto, no marco da utilización dos medios electrónicos na actividade

## PLENO

administrativa e nas súas relacións coa administración municipal, a actuación dos cidadáns debe estar presidida polos seguintes deberes:

- a. Deber de utilizar os servizos e procedementos da administración electrónica de acordo co principio de boa fe.
- b. Deber de facilitar á administración municipal, no ámbito da administración electrónica, información veraz, precisa e adecuada aos fins para os que se solicita.
- c. Deber de identificarse nas relacións administrativas por medios electrónicos coa administración municipal, cando estas así o requiran.
- d. Deber de custodiar os elementos identificativos persoais e intransferibles utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa administración municipal.
- e. Deber de respectar o dereito á privacidade, confidencialidade e seguridade e o resto de dereitos en materia de protección de datos.
- f. Deber de non utilizar medios ou técnicas electrónicas que non fosen previamente aprobados ou homologados e publicitados debidamente polo Concello.

3. A Administración municipal velará polo cumprimento destes deberes, no marco do previsto na normativa aplicable e nas previsións desta ordenanza.

4. Terán a obrigaçión de relacionarse de xeito electrónico co Concello para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo os seguintes suxeitos:

- a. As persoas xurídicas.
- b. As entidades sen personalidade xurídica.
- c. Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen co Concello en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso enténdense incluídos dentro desta categoría os notarios e os rexistradores da propiedade e mercantís.
- d. Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse de xeito electrónico co Concello.
- e. Os empregados/as do Concello de Oroso para os trámites e actuacións que realicen con este por razón da súa condición de empregado público na forma que se establece no Artigo 8..
- f. Quen aspire a ingresar ou acceder aos postos de funcionario convocados polo Concello de Oroso nos termos que estableza a convocatoria nos trámites de cumprimentación e presentación de solicitudes, aportación de documentación, pago de taxas e toma de posesión.
- g. Os membros da corporación cando actúen no exercicio dos seus cargos excepto no referente á convocatoria das sesións dos órganos colexiados e remisión de actas dos mesmos que se estará ao establecido no regulamento orgánico ou na lexislación sobre réxime local vixente.
- h. As persoas físicas ou xurídicas que contraten coa administración.

**Artigo 50. Sistemas de acceso aos servizos electrónicos**

## PLENO

A administración municipal garantirá o acceso dos cidadáns aos servizos electrónicos a través dun sistema de varias canles que contén, polo menos, cos seguintes medios:

a. As oficinas de atención presencial que se determinen, as cales poñerán ao dispor da cidadanía de forma libre e gratuíta os medios e instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos na presente ordenanza debendo contar con asistencia e orientación sobre a súa utilización, ben a cargo do persoal das oficinas en que se sitúan ou ben por sistemas incorporados ao propio medio ou instrumento.

b. Puntos de acceso electrónico, en forma de sede electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de comunicación:

- Punto de acceso xeral a través do cal os cidadáns poden, nas súas relacións coa administración municipal e os seus organismos públicos, acceder a toda a información e aos servizos dispoñibles será o seguinte: <https://sede.orosogal>
- Punto xeral de entrada de facturas electrónicas establecido pola Administración Xeral do Estado (FACE) (<https://face.gob.es>) para aqueles contratista e provedores do concello que teñan que presentar factura polos seus servizos ao concello.
- Punto xeral de entrada de documentos establecido pola Administración Xeral do Estado ou Rexistro Electrónico Común (REC) (<https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>) a través do cal os cidadáns poderán presentar calquera documento electrónico dirixido ao Concello de Oroso.
- Plataforma de Contratos do Sector Público establecido pola Administración Xeral do Estado (PLACSP) a través da cal os licitadores poderán presentar as súas ofertas ás licitacións públicas convocadas polo Concello de Oroso.

## CAPÍTULO II

### DAS OBRIGAS ELECTRÓNICAS DOS/AS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS DO CONCELLO

#### **Artigo 51. Obriga de relacionarse de xeito electrónico co Concello.**

Os empregados do Concello de Oroso para os trámites e actuacións que realicen con este por razón da súa condición de empregado público estará obrigado a relacionarse exclusivamente de xeito electrónico.

Con carácter xeral o persoal municipal para a realización de calquera trámite utilizará a o rexistro electrónico municipal ou o rexistro electrónico común dependente da Administración do Estado.

A solicitude de permisos, vacacións e licenzas realizarase a través do sistema técnico de control horario co que conta o Concello. En defecto do mesmo ou



## PLENO

en caso de avaría tales solicitudes serán realizadas a través da sede electrónica municipal ou de calquera outro rexistro electrónico compatible.

### **Artigo 52. Obriga de tramitación electrónica dos expedientes.**

1.-Os empregados municipais estarán obrigados/as a tramitar de xeito electrónico todos os expedientes que sexan da súa responsabilidade.

2.-O Concello estará obrigado a poñer á disposición dos empregados municipais os medios técnicos necesarios para poder tramitar de xeito electrónico tales expedientes.

3.-Os empregados terán o deber de manter actualizada a súa formación e cualificación no referente á tramitación de expedientes electrónicos así como de poñer en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as propostas que consideren axeitadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade na que estean destinados.

4.-Os empregados municipais informarán aos cidadáns sobre os trámites electrónicos a realizar e facilitarán o exercicio dos dereitos e o cumprimento electrónico das súas obrigas.

5.-O incumprimento reiterado destas obrigas poderá dar lugar a incoación do correspondente expediente disciplinario.

## **TÍTULO SEGUNDO**

### **DO RÉXIME XURÍDICO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

#### **CAPÍTULO I SEDE ELECTRÓNICA**

### **Artigo 53. Sede electrónica xeral**

1. A sede electrónica é o sitio electrónico ao que se accede mediante a dirección que o Concello de Oroso pon ao dispor dos cidadáns para relacionarse de xeito electrónico coa Administración municipal e mediante a cal terán acceso a todos os servizos da administración electrónica. A súa titularidade, administración e xestión corresponde ao Concello, en exercicio da súa correspondente competencia, sen prexuízo da colaboración prestada pola Deputación Provincial.

2. A Sede electrónica do Concello de Oroso, correspóndese coa dirección electrónica: <https://sede.orosogal> e en todo caso poderase acceder mediante a páxina web municipal.

Corresponde ao Concello de Oroso a titularidade do certificado de sede electrónica, así como a responsabilidade sobre seus propios contidos e os servizos que poñan a disposición dos cidadáns.

## PLENO

Corresponde á Deputación Provincial a custodia do certificado da sede electrónica municipal.

3. O Concello de Oroso poderá, se o estima oportuno, crear subsedes electrónicas mediante resolución de Alcaldía publicándose as mesmas na sede do Concello.

### **Artigo 54. Calidade, usabilidade e accesibilidade**

1. O Concello velará pola calidade de toda a información posta a disposición na súa sede electrónica, identificando debidamente e mencionando a orixe da obtida de fontes externas.

2. O Concello non se fai responsable da información que se poida obter a través de fontes externas que non dependan delas, nin tampouco das opinións que poidan expresar, a través da sede electrónica municipal, as persoas non vinculadas ás entidades e organismos integrantes da Administración municipal.

3. O Concello velará por que o deseño da súa sede electrónica e a estrutura dos menús facilite o seu uso pola cidadanía, seguindo as normas e aplicando as metodoloxías definidas para a mellora da usabilidade dos sitios web.

4. A sede municipal cumprirá os estándares de accesibilidade e calidade recomendados para as administración públicas e garantirá na medida do posible que os servizos, informacións, trámites e procedementos obxecto desta ordenanza sexan accesibles desde os principais sistemas operativos do mercado incluíndo os de código aberto.

5. Os servizos da sede electrónica estarán operativos as 24 horas do días, todos os días do ano. Cando por razóns técnicas prevese que a sede electrónica ou algúns dos seus servizos poidan non estar operativos, informarase diso con antelación suficiente aos usuarios indicando cales son os medios alternativos de consulta dispoñible.

6. A prestación dos servizos e relacións que manteñan, os órganos, servizos e entidades do Concello de Oroso desenvolverase de conformidade coa lexislación que regula o tratamento automatizado da información, con especial vixilancia en relación ao tratamento dos datos persoais e os que poidan afectar á propiedade intelectual, así como aos servizos da sociedade da información.

7. O uso dos medios e técnicas electrónicas, en ningún caso poden supoñer ningunha modificación da natureza e efectos dos actos administrativos, nin supoñerá a eliminación, redución ou condicionamento dos dereitos recoñecidos aos cidadáns.

### **Artigo 55. Información administrativa por medios electrónicos**

## PLENO

1. Nesta sede, poñerase ao dispor dos cidadáns, a relación de servizos e o modo de acceso aos mesmos, debendo manterse coordinado, polo menos, cos restantes puntos de acceso electrónico da administración municipal e os seus organismos públicos.
2. O contido e os servizos incluídos na sede electrónica estarán dispoñibles en galego e en castelán.
3. A través desta sede os cidadáns terán acceso libre e permanente como mínimo á seguinte información:
  - a. Os procedementos administrativos que se tramitan por medios electrónicos, con indicación dos requisitos esenciais e dos prazos de resolución e notificación, así como o sentido do silencio.
  - b. Os impresos e formularios dos trámites e procedementos municipais.
  - c. O acceso electrónico aos trámites xestións e notificacións nas que teña a condición de interesado.
  - c. Rexistro electrónico con indicación da data e hora oficial da sede electrónica.
  - d. A vía para a presentación e tramitación electrónica de suxestións, queixas ou reclamacións.
  - f. Cláusulas obrigatorias de responsabilidade, protección de datos e calidade, en relación ao titular da sede electrónica e coa información que figure na mesma.
  - g. Enlace ao portal de transparencia do Concello de Oroso, ao perfil do contratante, ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACE), ao sistema de notificación electrónica (notific@) e ao rexistro electrónico común (REC).
  - h. Enlace a outras sedes ou direccións electrónicas en Internet, de interese relevante en relación co ámbito competencial do titular da sede electrónica.
  - i. Os datos de localización, como son a dirección postal, número de telefono e dirección de correo electrónico do Concello de Oroso.
  - j. O taboleiro de anuncios electrónico.
  - k. O sistema de cotexo a través do código de verificación que permita garantir a integridade do documento electrónico de conformidade co previsto no artigo 27.3.c da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
  - l. O calendario oficial onde se recollan os días inhábiles no Concello de Oroso.

**Artigo 56. Taboleiro de anuncios electrónico.**

1. A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, deben publicarse no taboleiro de edictos municipal, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica do Concello.
2. O acceso ao taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún

## PLENO

mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán.

3. O taboleiro de anuncios electrónico publicarase na sede electrónica do Concello.

4. O taboleiro de anuncios electrónico dispoñerá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do seu contido. Para os efectos do cómputo dos prazos que corresponda, establecerase o mecanismo que garanta a constatación da data e hora de publicación dos edictos.

5. O taboleiro de edictos electrónico estará dispoñible as 24 horas do día, todos os días do ano, a través da sede electrónica municipal. Cando por razóns técnicas prevéxase que o taboleiro de edictos electrónico pode non estar operativo, deberase informar diso aos usuarios con antelación suficiente, indicando cales son os medios alternativos de consulta do taboleiro que estean dispoñible.

6. Naqueles casos en que a publicación na sede electrónica substitúa ao taboleiro de anuncios presencial facilitarase aos cidadáns a consulta na sede física do Concello, facilitándose aos cidadáns, no caso de que o requiran, asesoramento para ese efecto.

**Artigo 57. O cartafol cidadán ou forma de acceso aos expedientes por parte dos cidadáns.**

1. A sede electrónica do Concello dispoñerá dunha zona denominada «as miñas xestións», de acceso restrinxido ao seu titular, quen para o seu acceso deberá identificarse autenticando a personalidade do usuario mediante os sistemas que se definen nesta Ordenanza.

2. A través do cartafol cidadán as persoas físicas, así como os seus representantes rexistrados, poderán utilizar sistemas e procesos telemáticos como medio de comunicación para entre outros servizos:

- a. Acceder a información particular desa persoa que sexa incorporada polo Concello de Oroso a dito cartafol procedente das bases de datos municipais.
- b. Realizar operacións e cumprir trámites administrativos de procedementos que progresivamente a administración municipal vaia incorporando ao cartafol cidadán.

3. O acceso e utilización do cartafol cidadán atribúe a condición de usuario da mesma, e presupón a previa lectura e aceptación das normas e condicións publicadas na sede electrónica do Concello. O acceso e utilización do cartafol cidadán implica que a persoa usuaria acepta de forma expresa, plena e sen reservas, o contido de todas e cada unha das normas e condicións de uso na versión publicada na sede electrónica no momento do acceso, sen a devandita aceptación non poderá ter acceso á Sede cartafol cidadá.

4. Se o Concello modificase as normas e condicións de uso do cartafol cidadán, deberá dar publicidade a esta modificación na sede electrónica. Se o cidadán non estivese de acordo co contido das novas normas e condicións de

## PLENO

uso do cartafol cidadán terá que abandonar ese medio de comunicación coa administración municipal.

**Artigo 58. Validación de copias verificables**

A sede electrónica do Concello dispón dun procedemento que, mediante o código de verificación incorporado a unha copia verificable, permitirá acceder ao documento electrónico auténtico do que se obtivo a mesma, informando sobre a validez da firma ou firmas electrónicas do citado documento.

**Artigo 59. Acceso aos contidos da sede electrónica.**

1. Os cidadáns, nos termos establecidos na normativa aplicable ás administracións públicas poderán consultar libremente os documentos electrónicos almacenados polo Concello que fagan referencia a procedementos finalizados na data da consulta. Para garantir o exercicio coidado e non abusivo do dereito de consulta descrito, será necesario que os cidadáns se identifiquen a través dos medios electrónicos que determina o Concello e que permitan deixar constancia da identidade do solicitante e da información solicitada.

2. O acceso aos documentos de carácter nominativo, aos documentos que conteñan datos relativos á intimidade das persoas e aos expedientes non finalizados queda reservado ás persoas que acrediten as condicións previstas pola lexislación sobre réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común en cada caso. Para garantir que o dereito de consulta sexa exercido polos cidadáns que se atopan legalmente habilitados para iso, os servizos municipais esixirán a súa identificación por medio de calquera procedemento electrónico de identificación seguro, entre os especificados nesta ordenanza.

2. As facturas expedidas polos contratistas, inscribíranse no Rexistro contable de facturas dependente do departamento de Intervención-Tesourería, debendo conter como mínimo:

- g) Emisión ó Concello, con especificación do seu NIF.
- h) Identificación do contratista, con especificación do seu NIF, domicilio fiscal, localidade e código postal.
- i) Número de factura e no seu caso serie.
- j) Lugar e data de emisión da factura.
- k) Descrición suficiente da prestación que se factura, con detalle das



## PLENO

unidades obxecto de servizo, obra ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha de elas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o valor engadido.

l) Período que corresponda.

3. Ademais deberase consignarse en cada factura a seguinte información, que será publicada na páxina web municipal ou Sede Electrónica, determinándose a nomenclatura e códigos das unidades anteriores nas Bases de Execución do Orzamento de cada exercicio en función da organización interna e delegacións vixentes en cada momento:

- a) Código DIR do Concello.
- b) Órgano decisorio/xestor e o eu Código DIR
- c) Unidade contable e Código DIR
- d) Unidades tramitadoras e Código DIR.

4. Adicionalmente, nas condicións sinaladas nos pregos ou condicións de cada contrato, o concello poderá esixir o enchemento de calquera campo previsto no formato estruturado de factura electrónica vixente en cada momento, sexa obrigatorio ou non, coa información necesaria que identifique claramente os conceptos facturados.

5. Coa factura deberá acompañarse da documentación adicional esixida polo contrato asinado, que acredite a prestación efectiva dos servizos, subministracións e obras obxecto de facturación ( albarás, follas de control, certificacións de obra, etc.) en formato PDF ou outros específicos esixidos en cada contrato.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

Todas aquelas referencias a direccións url dos recursos que contéñense nesta ordenanza entenderanse automaticamente actualizadas cando os organismos titulares dos mesmos as modifiquen, dándose a oportuna publicidade aos devanditos cambios a traveso do portal web municipal, Sede Electrónica, pregos de contratación e en xeral modelos e impresos postos a disposición do público. No suposto de urls de recursos de titularidade do concello de Oroso, darase ademais publicidade adicional a traveso de publicación de anuncios no Taboleiro de Edictos e Boletín Oficial da Provincia.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

Autorízase á Alcaldía-Presidencia á aprobación de toda clase de modelos e instancias normalizadas necesarias para facer efectivas as disposicións establecidas na presente ordenanza.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Á entrada en vigor da presente ordenanza quedará derogada a Ordenanza Municipal para a regulación da Administración Electrónica Municipal do

## PLENO

Concello de Oroso aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión plenaria de 2 de marzo de 2012 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación non BOP número 91 do 15 de maio de 2012. Así mesmo quedarán derrogas todas aquelas disposicións das restantes ordenanzas municipais que non se adapten ao previsto nesta.

**DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR.**

A presente ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**SEGUNDO.** INICIAR un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no *Boletín oficial da provincia da Coruña*, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinar lo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** ELEVAR A DEFINITIVO o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.”

**4.-Aprobar definitivamente o expediente 2019/X999/000018 de investigación da titularidade dun vial en Requeixo – Cardama.**

Logo de ver a proposta de acordo asinada polo Alcalde da Corporación que di:

Logo de ver que na tramitación do expediente 2018/A008/000040 referente á solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS +2019”, por parte do Secretario da Corporación informouse que:

-Mellora de rede viaria nos lugares de Senra e Arderís (Senra), Vilanova (Oroso), Carollo e Requeixo ( Cardama) e Rúa Emilia Pardo Bazán (A Gándara).

No proxecto técnico se indica: “*V.P. en Requeixo (Cardama): nos planos do Acordo da Concentración Parcelaria de Senra- Cardama-Vilarromarís II, con data de firmeza das Bases de 24/05/2012 e coa última fase aprobada de “Acordo” aínda que non forma parte da zona de actuación desta concentración e nos planos da Xerencia Territorial da Coruña-Provincia (Ministerio de Economía e Facenda) do ano 1989.*” Polo que igualmente se considera que procedería a realización do correspondente expediente de investigación que debería ser previo á aprobación do proxecto técnico e en todo caso a execución de calquera obra en dito lugar.

LOGO DE VER o levantamento topográfico levado a cabo da rúa Toxeira e o

## PLENO

informe emitido con data de 22 de xaneiro de 2019 polo Arquitecto Municipal onde se indica que:

*“O vial sito en Requeixo do antedito proxecto, na parroquia de Cardama, figura como vial público nos planos do Acordo da Concentración Parcelaria de Senra-Cardama-Villarromarís II, con data de firmeza das Bases de 24/05/2012 e coa última fase aprobada de “Acordo” aínda que non forma parte da zona de actuación desta concentración, e nos planos da Xerencia Territorial da Coruña-Provincia (Ministerio de Economía e Facenda) do ano 1989.*

*Figura tamén no plano catastral formando parte da finca de referencia catastral 15061A03090010000QQ.*

*Figura tamén grafiado no plano de delimitación de núcleos do plan xeral de ordenación municipal de Oroso (plano NR-12), polo que o propio plan xeral contempla a existencia deste vial público que ven a calificar como sistema local viario.*

*Co fin de delimitar a configuración física do trazado e superficie do camiño, realízase un levantamento da situación actual coa finalidade de delimitar os terreos de dominio público, e polo tanto os terreos que deben ter a consideración de viario público, de titularidade municipal, e que permitan realizar polo concello de Oroso as actuacións que se consideren necesarias para o mantemento do viario público.*

*Á vista do levantamento realizado, realízase un plano perimetral que delimita a parte que pode ser considerada como viario público resultando un trazado algo irregular delimitado polos peches, edificacións, cunetas e terrapléns existentes.*

*Realizada a comprobación de superficies a efectos de poder inventariar, no seu caso, o camiño público no lugar de Requeixo resulta que ten unha superficie de 940,93 m<sup>2</sup>.”*

LOGO DE VER igualmente o informe favorable á incoación do presente expediente emitido polo Secretario do Concello con data de 23/01/2019.

LOGO DE VER o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 31/01/2019 de incoación do referido expediente de investigación deste vial sito en Requeixo, Cardama.

Publicado anuncio do acordo de incoación do expediente no Boletín Oficial da Provincia nº 33 de 15/02/2019 e no taboleiro de anuncios do Concello e notificado aos propietarios colindantes coñecidos polo Concello, e trasladado o acordo á Xunta de Galicia e ao Estado.

Transcorrido o prazo de exposición pública de 15 días e o prazo de un mes para que calquera interesado puidera presentar cantas alegacións estimasen oportunas, sen que se teñan presentado alegacións algunha tal como recolle o

## PLENO

informe emitido con data de 26/08/2019 pola funcionaria encargada do rexistro xeral do Concello.

Logo de ver os escritos remitidos pola Xunta de Galicia e a Administración do Estado no que manifestan que nos seus respectivos inventarios non aparece recollido ningún ben coas características do ben que se investiga polo Concello de Oroso.

Logo de ver o informe favorable emitido polo Secretario do Concello con data de 28/08/2019.

Considerando que non téndose presentado alegación algunha, non persoándose no expediente ningún interesado, non resulta necesario a realización de novas probas mais aló das xa recollidas no expediente e igualmente no procede a apertura de novo trámite de audiencia ao non terse persoado ningún interesado.

Tendo en conta a competencia atribuída ao Pleno da Corporación polo artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente, propono que o Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio, adopte o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Que se declare que corresponde ao Concello de Oroso a titularidade do seguinte ben:

Vial en Requeixo – Cardama coas características e límites recollidos no levantamento topográfico levado a cabo pola empresa XEOTEC con data de 22/01/2019 e coas coordenadas U.T.M. Huso 29 ETRS89 e que igualmente figura grafado no Plan Xeral de Ordenación Municipal (Plano NR-12) e cunha superficie total de 940,93 m2.

**SEGUNDO:** Que se proceda á valoración do citado ben por parte dos servizos municipais e unha vez valorado que se proceda a incorporalo no Inventario Xeral de Bens do Concello de Oroso e que se reflecta na rectificación anual do Libro inventario de bens da corporación a anotación do ben descrito anteriormente.

**TERCEIRO:** Que unha vez inscrito no Inventario de Bens da Corporación se proceda a librar certificación do mesmo e a realizar os trámites oportunos para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ordes e no seu caso a realizar as modificacións oportunas no Catastro.

**CUARTO:** Proceder a notificar o presente acordo aos interesados así como publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

## PLENO

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen considera que é acertado que o Concello incorpore este vial e defenda o seu patrimonio pero considera que tamén sería necesario que o Concello incorporase un local e unha nave industrial e deixara de pagar un aluguer pola nave dos operarios e polo local de urbanismo.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que á vista de que non houbo ningunha alegación consideramos que está todo correcto e polo tanto imos a votar a favor.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece: (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Que se declare que corresponde ao Concello de Oroso a titularidade do seguinte ben:

Vial en Requeixo – Cardama coas características e límites recollidos no levantamento topográfico levado a cabo pola empresa XEOTEC con data de 22/01/2019 e coas coordenadas U.T.M. Huso 29 ETRS89 e que igualmente figura grafado no Plan Xeral de Ordenación Municipal (Plano NR-12) e cunha superficie total de 940,93 m2.

**SEGUNDO:** Que se proceda á valoración do citado ben por parte dos servizos municipais e unha vez valorado que se proceda a incorporalo no Inventario Xeral de Bens do Concello de Oroso e que se reflecta na rectificación anual do Libro inventario de bens da corporación a anotación do ben descrito anteriormente.

**TERCEIRO:** Que unha vez inscrito no Inventario de Bens da Corporación se proceda a librar certificación do mesmo e a realizar os trámites oportunos para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ordes e no seu caso a realizar as modificacións oportunas no Catastro.

**CUARTO:** Proceder a notificar o presente acordo aos interesados así como publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento

**5.-Resolución, se procede, do expediente para a elección de Xuíz de Paz titular e substituto do Concello de Oroso (A Coruña) (Exp. 2019/X999/000231**

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais en sesión do

## PLENO

23/09/2019 e que establecía:

“LOGO DE VER o expediente relativo á elección de xuíz de paz titular e substituto deste Concello (Exp. 2019/X999/000231).

TENDO EN CONTA que publicouse o anuncio da convocatoria no BOP, núm. 145, do 02/08/2019; no taboleiro de anuncios do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Ordes; no taboleiro de anuncios do Xulgado de Paz do Xulgado de Paz de Oroso; e no taboleiro de anuncios do Concello de Oroso, presentándose os seguintes candidatos:

Candidato	DNI	Recepcionada	Observacións.
María Beatriz Barbeito García	76410806E	RE 20190000000205 8 do 06/08. RE:201900000002059 do 06/08	Candidata a xuíz titular ou substituta.
Eduardo Verias Rey	33220212R	RE 20190000000211 3 do 14/08	Candidato a xuíz titular
Laura María Mariño Padín	46908193S	RE 20199000000158 3 do 26/08	Candidata a xuíz titular ou substituta.
Margarita Canabal Mejuto	32763079Q	RE 20190000000215 5 do 26/08 RE 20190000000215 4 do 26/08 Subsanación: RE 20190000000219 4 do 28/08	Candidata a xuíz titular ou substituta

TENDO EN CONTA que a competencia para propoñer o nomeamento de xuíz de paz, tanto titular coma de substituto corresponden ó Pleno da Corporación, mediante elección co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, en virtude do establecido, no artigo 101.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

TENDO EN CONTA que o artigo 102.3 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais permite que a elección ou destitución de persoas se realice mediante votación secreta na que cada membro da corporación deposite o seu voto nunha urna

## PLENO

TENDO EN CONTA o disposto no artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno que aprobe esta proposta:

PRIMEIRO. ELEXIR en votación secreta aos candidados a xuíz de paz titular e substituto do Concello de Oroso.

SEGUNDO. PROPOÑER á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se nomeen xuíz de paz titular e substituto aos candidatos elixidos.”

LOGO DE VER os escritos presentados con data de 25/09/2019 e números de rexistro 20190000002797 e 20190000002796 por D<sup>a</sup>. Margarita Mejuto Canabal polos que retira a súa candidatura para ser elixida xuíz de paz titular e substituta, procédese en votación secreta de todos os membros da corporación á elección de xuíz de paz titular e substituto cos seguintes resultados:

### XUÍZ DE PAZ TITULAR

<i>Candidato</i>	<i>Votos</i>
María Beatriz Barbeito García	0
Eduardo Verias Rey	7
Laura María Mariño Padín	5
<i>Votos en branco</i>	1
<i>Votos nulos</i>	0
<i>Total de votos emitidos</i>	13

### XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO

<i>Candidato</i>	<i>Votos</i>
María Beatriz Barbeito García	6
Laura María Mariño Padín.	5
<i>Votos en branco</i>	2

## PLENO

Votos nulos	0
Total de votos emitidos	13

LOGO DE VER o resultado das votacións o Pleno da Corporación  
**ACORDA:**

**PRIMEIRO.** ELEVAR á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o nomeamento de D. EDUARDO VERIAS REY con DNI nº 33220212R como xuíz de paz titular e de D<sup>a</sup>. MARÍA BEATRIZ BARBEITO GARCÍA con DNI nº 76410806E como xuíza de paz substituta do Concello de Oroso (A Coruña) por elección da maioría de membros da Corporación.

**6.- Aprobar se procede a modificación da Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola prestación de servizos complementarios de educación nos colexios públicos de educación infantil e primaria no Concello de Oroso.(EXP. 2019/G014/000001).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada polo Alcalde da Corporación que di:

Logo de ver a proposta asinada de xeito electrónico polo Alcalde do Concello que di:

“Considerando a providencia de Alcaldía de data 7 de agosto do presente ano, polo que se ordena o inicio de expediente de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación dos servizos complementarios de educación nos colexios públicos de educación infantil e primaria do concello de Oroso.

LOGO DE VER os informes favorables da secretaría e intervención municipal que constan no expediente.

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación dos servizos complementarios de educación nos colexios públicos de educación infantil e primaria do concello de Oroso, segundo a seguinte redacción:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**



## PLENO

**DE EDUCACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE OROSO**

O artigo 5 da ordenanza reguladora queda redactada do seguinte xeito:

**5. EXENCIÓNS DE PAGAMENTO**

5.1 Están exentos do pago das tarifas establecidas no artigo anterior:

a) Aqueles obrigados ao pago que de conformidade co Regulamento do Servizo sexan declarados coma en situación de Emerxencia Social.

b) Os cuidadores, educadores e auxiliares de enfermería que atendan aos alumnos de educación especial usuarios do servizo durante o xantar ou almorzo.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”*

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen sinala que o seu grupo vai a votar a favor pero como xa dixo na Comisión Informativa considera que é necesario dotar de axudas económicas aos estudantes, a concelleira do Bloque Nacionalista Galego dixo que estaban pendentes de modificacións orzamentarias e que xa estaban en trámites pero queremos velo.

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen aclara que non dixo iso, dixen que estivera en trámite e que o BNG xa o pedira nos anteriores orzamentos do Concello pero en ningún momento me comprometéin.

D. Alexander Doval Expósito (PP) indica que van a votar a favor.

D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) sinala que debería ser a Xunta quen se fixera cargo desta cuestión e non se entende porque o fan nun colexio e

## PLENO

noutro non.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) considera que é lamentable que o Concello teña que estar asumindo servizos que son competencia da Xunta de Galicia

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece: (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobado inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación dos servizos complementarios de educación nos colexios públicos de educación infantil e primaria do concello de Oroso, segundo a seguinte redacción:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE OROSO**

O artigo 5 da ordenanza reguladora queda redactada do seguinte xeito:

**5. EXENCIÓNS DE PAGAMENTO**

5.1 Están exentos do pago das tarifas establecidas no artigo anterior:

a) Aqueles obrigados ao pago que de conformidade co Regulamento do Servizo sexan declarados coma en situación de Emerxencia Social.

b) Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que atendan aos alumnos de educación especial usuarios do servizo durante o xantar ou almorzo.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.

## PLENO

### II PARTE DE CONTROL

#### **7.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 316/2019 do 21/03/2019 ata o 1212/2019 do 20/09/2019**

Dase conta ao Pleno dos decretos de Alcaldía ditados desde o nº 316/2019 do 21/03/2019 ata o 1212/2019 do 20/09/2019 e que estiveron a disposición dos concelleiros desde o día de convocatoria do Pleno da Corporación.

#### **8.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 21/03/2019 ata o 20/09/2019.**

Dase conta ao Pleno dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 21/03/2019 ata o 20/09/2019 e que estiveron a disposición dos concelleiros desde o día de convocatoria do Pleno da Corporación:

#### **REPAROS DE LEGALIDADE EMITIDOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL ENTRE O 21/03/2019 ata o 20/09/2019**

Nº	Data	Asunto
3	08/04/2019	Adxudicación do contrato de servizos de orquestras e espectáculos artísticos das festas do Concello de Oroso no ano 2019.
2	09/05/2019	Adxudicación contrato de subministro de instalación de luminarias para execución do proxecto de mellora de eficiencia enerxética do alumado público da Avenida Compostela.
5	13/05/2019	Contratación de persoal (dous peóns forestais) ao amparo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2019.
1	30/05/2019	Prórroga forzosa servizos de piscina de verán.
7	07/06/2019	Adxudicación contrato de servizo comida festa dos maiores 2019
4	03/07/2019	Aprobación das bases e convocatoria de selección dun oficial de primeira albanel, un peón albanel a xornada parcial e dous peóns de limpeza viaria a xornada parcial dentro do programa de integración laboral 2019 de Deputación.
6	23/08/2019	Bases de selección para a contratación dun xefe de brigada de incendios e tres peóns forestais para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do concello durante o 2019

#### **9.-Toma de coñecemento do Informe emitido polos servizos de Intervención – Tesourería do Concello referente ao período de pago das**

## PLENO

**facturas correspondentes a primeiro e o segundo trimestre do exercicio 2019.**

Dase conta ao Pleno da Corporación do informe emitido polos servizos de Intervención – Tesourería do Concello referente ao período de pago das facturas correspondentes ao primeiro e o segundo trimestre do exercicio 2019 e que estivo a disposición dos concelleiros desde o día da convocatoria do Pleno da Corporación.

**10.-Toma de coñecemento da resolución de Alcaldía nº 1174/2019 do 12/09 referente á participación no POS adicional 2019, 2ª fase.**

Dase conta ao Pleno de xeito específico da resolución de Alcaldía nº 1174/2019 do 12/09 referente á participación no POS adicional 2019, 2ª fase que estivo a disposición dos concelleiros desde o día de convocatoria do Pleno da Corporación.

**11.-Mocións dos Grupos municipais.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen sinala que existen dúas mocións do BNG e 4 de Oroso Renovable, e que segundo establece o Regulamento Orgánico Municipal o límite é de tres polo que Oroso Renovable debería retirar algunha.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen sinala que procede a retirar a moción Moción do grupo Oroso Renovable para que o centro de saúde de Oroso conte coa quinta praza de facultativo.

**11.1.-MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG (RE Nº 2661/2019 DO 20/09) EN RELACIÓN COA EMERXENCIA CLIMÁTICA E A MOBILIZACIÓN DO 27 DE SETEMBRO POLO CLIMA**

Toma a palabra Dª. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen indica que a urxencia desta moción ven xustificada no feito de que mañá é o día da mobilización polo clima e por iso a necesidade de tatar esta moción.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) considera que é unha moción que está ben, pero que debería concretarse mais en cuestións que afecten a Oroso e non ser tan xenérica.

D. Alexander Doval Expósito (PP) Sinala que ao igual que dixo na pasada lexislatura sempre van a votar a favor da urxencia para que debatan os asuntos.

Non existindo mais intervencións o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: once ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ),

Abstencións: dúas ( 2 OR), aproba a urxencia da moción.

## PLENO

Seguindamente D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) da lectura á moción presentada:

*1.O vindeiro venres 27 de setembro está convocada unha mobilización mundial en defensa do planeta e para facerlle fronte ás ameazas e riscos derivados da chamada “crise do clima”. Trátase dunha chamada de atención diante do inexorable “cambio climático” e da incapacidade de organismos internacionais e grandes corporacións para facerlles fronte.*

*A proba máis evidente desta crise son os recentes informes de dous organismos internacionais dependentes das Nacións Unidas: o Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC) e a Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos (IPBES). Estes informes fixeron saltar as alarmas sobre a catástrofe ambiental e humana a que está abocada o planeta se non se produce un drástico cambio de rumbo, xa que non se están cumprindo os obxectivos marcados nos sucesivos cumios do clima e os acordos internacionais ao respecto.*

*Non é tempo pois de “bágoas de crocodilo” nin de declaracións para a galería. É tempo de actuar, e de facelo con determinación. Cómpre aprobar un plan de acción que vaia ás causas do problema, non que simplemente minimize, atenúe e atrase as súas gravísimas consecuencias.*

*2. Dada a magnitude e as graves consecuencias que está a ter xa a “emerxencia climática”, consideramos necesario enfrontala desde unha tripla dimensión: a global, a galega e a local.*

*En primeiro lugar, nunha perspectiva global, cómpre denunciar o interese en poñer o foco de atención nas consecuencias da crise climática (incremento das temperaturas, seca, escaseza de recursos, destrución da biodiversidade, ameazas para a saúde) e non nas súas causas: sistema económico capitalista depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas... Cómpre polo tanto denunciar as consecuencias da actual fase do capitalismo e explicar a crise climática nese contexto, poñendo en relación as agresións ao medio coas desigualdades económicas e sociais e as opresións nacionais e de clase.*

*En segundo termo, desde unha perspectiva galega é necesario ter en conta o papel de Galiza na economía estatal e mundial como provedora de materias primas, mediante o desenvolvemento de actividades extractivas e depredadoras que teñen altos custos ambientais e escasos beneficios sociais e para o país no seu conxunto. En consecuencia, débese situar no centro do debate as consecuencias para o clima, para a saúde, para a cohesión social e territorial e para o benestar colectivo das actividades extractivas de sectores como o enerxético, industrial, forestal, megamineiro, a mobilidade, o ciclo da auga, a xeración e xestión dos residuos, os macrocentros comerciais... defendendo un modelo alternativo que poña o relevo na sustentabilidade, na xustiza social, no equilibrio ambiental e no beneficio colectivo para o noso país.*

*En terceiro lugar, é necesario considerar como afecta a emerxencia climática no ámbito local e as medidas que poden desenvolver os concellos e deputación, no seu ámbito de competencia, para facerlle fronte a este*

## PLENO

*desafío, mediante a redución da pegada ecolóxica con actuacións no ámbito do urbanismo, a mobilidade, a enerxía, a xestión dos residuos, a xestión do ciclo da auga, ou a aposta por un desenvolvemento económico máis sustentábel e máis xusto que fomente os recursos propios, as cadeas de valor e o comercio de proximidade.*

*3. O debate sobre a emerxencia climática é un terreo cheo de trampas, cheo de declaracións para a galería, de boas intencións e de posturas cosméticas. Todo o mundo se apunta á moda do verde, do sustentábel, da economía circular, mesmo aqueles gobernos e grandes corporacións que traballan xusto no sentido contrario e que son os principais responsábeis da crise do clima. Por iso precisamos menos declaracións e máis actuacións, menos posturo e máis medidas efectivas para cambiar o rumbo dun mundo que vai camiño da catástrofe.*

*Polo anteriormente exposto, o BNG presenta a seguinte Moción para o debate no Pleno.*

*O grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación a adopción do seguinte Acordo*

- 1. Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.*
- 2. Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.*
- 3. Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza que desenvolva un marco lexislativo e estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.*
- 4. Impulsar/seguir impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:*
  - Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.*
  - Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente*

## PLENO

- necesario a uso dos vehículos privados a motor.*
- *Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amabéis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.*
  - *Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes*
  - *Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsábel e a reutilización dos recursos.*
  - *Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.*
  - *Potenciar os espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.*
5. *Creación dun comité ou gabinete de acción contra a emerxencia climática, en coordinación con outras instancias institucionais. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións da institución para facerlle fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan Director ou Plan Estratéxico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.”*

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que é evidente que temos todos un problema co cambio climático e que logo de ler a moción a van a apoiar, aínda que as competencias do Concello son limitadas nesta materia.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen sinala que efectivamente as competencias dos concellos son limitadas neste campo, pero si que poden facer algunhas cousas e lembra o acordo adoptado por este pleno fai menos dun ano en relación a adoptar medidas contra a seca que se vivía neses momentos.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta a votación e o Pleno por:

## PLENO

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos),

Abstencións: dúas ( 2 OR) adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.

**SEGUNDO:** Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

**TERCEIRO:** Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza que desenvolva un marco legislativo e estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

**CUARTO:** Impulsar/seguid impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

- Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.
- Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.
- Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amabéis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.
- Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliar e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes



## PLENO

- Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsábel e a reutilización dos recursos.
- Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.
- Potenciar os espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.

**QUINTO:** Creación dun comité ou gabinete de acción contra a emerxencia climática, en coordinación con outras instancias institucionais. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións da institución para facerlle fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan Director ou Plan Estratégico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.

### **11.2.-MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG (RE nº 2662/2019 do 20/09) REFERENTE AO FEMINISMO.**

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen sinala que volven a traer esta moción co gallo do acontecido estes días en Valga e que por iso a consideran urxente.

D.José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que van a votar a favor xa que se trata dun mal endémico, e igualmente quere facer referencia e que na medida en que os dous membros do seu grupo traballan as veces non pode acudir ás concentracións que se fan no Concello.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ), aproba a urxencia da moción.

Seguidamente D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) da lectura á moción:

*O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia e expectativas xeradas após a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da*

## PLENO

*necesidade de incrementar os esforzos a realizar.*

*Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social pero que, porén, unha vez máis, non mereceron comparecencias específicas dos gobernos como si o fixeron outros asuntos. No mes de xullo, galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un novo feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora quebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes.*

*A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilás de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.*

*Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranca con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.*

### **Acordo**

1. *Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.*
2. *Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.*
3. *Demandar do goberno central:*
  - a) *o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos*

## PLENO

b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.

c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumplir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)

#### 4. Demandar da Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

b) Deixar de incumplir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijoo.”

Seguidamente D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) continúa sinalando que é un terrorismo dentro do fogar, existe unha alerta feminista. Temos 43 mulleres mortas en Galicia, desde o Estado se recibiron este ano no Concello 2.030 euros para esta finalidade, e me pregunto que podemos facer con 2.030 euros, quero que se destiñen mais recursos e o Goberno está a incumplir os convenios en materia de violencia de xénero. Se necesitan mais xulgados e mais medios.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que sempre estará a favor de que se doten mais recursos económicos e xudiciais, que se establezan medios para que se cumpran as ordes de alonxamento...a ver se esta moción serve para que desde as instancias oportunas se adopten as medidas necesarias.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que en relación a esta moción xa se trouxeron outras parecidas e en todo caso estamos dacordo. Non se trata so de mais xulgados se non que se debe facer tamén unha labor preventiva.

Finalmente D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) sinala que sen recursos pouco se pode facer, cada un ten que traballar e facer o posible dentro do seu ámbito de competencias.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.

## PLENO

**SEGUNDO.** Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.

**TERCEIRO.** Demandar do goberno central:

a) o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos

b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.

c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumplir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)

**CUARTO.** Demandar da Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

b) Deixar de incumplir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijoo.”

**11.3.-MOCIÓN PRESENTADA POR OROSO RENOVABLE (RE nº 2811/2019 do26/09) PARA QUE O CONCELLO DE OROSO PROMOVA A CREACIÓN DA FEIRA DO GRELO.**

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen sinala que unha das características de Oroso é a venda de grelos polo que entendemos que estaría moi xustificado realizar unha festa de exaltación deste produto.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) procede a dar lectura á moción:

*“1) Os indicios máis antigos do cultivo das brassicas xa datan do 3000 a.C. Naqueles momentos o grelo aparece como un elemento chave para a*

## PLENO

*rotación de cultivos. Temos constancia da súa incorporación a este sistema no século XII a través de diversos documentos forais e de compra-venta. Outras fontes posteriores , como o Arquivo General de Simancas do século XVI e o Catastro de Ensenada do século XVIII recollen tamén a súa importancia na rotación cereal de verán-nabos-cereal de inverno. Un estudo do investigador Jaume Lloveras do ano 1983 detallaba que na Comunidade Autónoma de Galicia existían daquela 55600 hectáreas adicadas o seu cultivo.*

*2) As prazas de abastos locais e no noso concello as carretillas e as banquetas o pé da estrada N-550 entre as parroquias de Oroso, Deixebre e Trasmonte e logo no Concello de Ordes dan conta do arraigo na cociña do país dos grelos. A súa adecuación a climas fríos e húmidos, acomópanse as características meteorolóxicas de Galicia e tamén do noso Concello . Os beneficios e a súa calidade achéganlle un valor engadido para popularizar o seu valor culinario.*

*3) Como hortaliza típica da nosa terra, é un dos ingredientes básicos para realizar algún dos platos máis representativos da cociña galega como son o caldo, o cocido e o lacón con grelos. Por iso mesmo, tamén constitúe un elemento diferente da nosa cultura gastronómica e do Concello de Oroso. O caldo e o cocido son as dúas receitas máis representativas da cultura gastronómica de inverno sen prexuízo das innovacións da nouvelle cuisine con combinacións contemporáneas, receitas lixeiras ou elaboracións sinxelas que lle engaden transversalidade os grelos*

*4 Os grelos son unha referencia continua na cultura popular, a través de cantigas, refráns , e as adiviñas. Asemade, conta con festas de exaltación declaradas de interese turístico no concello das Pontes de García Rodríguez , no Val do Xestoso (Monfero) e a festa do grelo de Abadín.*

*Que existan en Galicia outros eventos de posta en valor desta hortaliza non debe ser un condicionante para que o Concello de Oroso ben pola súa conta ou de forma conxunta co Concello de Ordes no marco da Mancomunidade promova un evento semellante nos meses de inverno.*

*5) O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL) é o organismo encargado de controlar, amparar e certificar o produto. O selo identificador nos grelos é o aval de que cumpre con todos os requisitos de calidade. Para garantir a trazabilidade dos grelos o INGACAL controla todo o proceso de produción nas plantacións asemade das operacións de manipulación, transporte, almacenamento e transformación.*

## PLENO

6) No tramo entre Ordes e Oroso atopamos postos de grelos recollidos da terra o mesmo día. Da horta ao cliente. Os improvisados postos de grelos salpican a estrada N-550. Unha pequena mesa improvisada o pé da estrada é a estratexia de marketing para atraer a numerosos viaxeiros que pasan por alí. Algúns escollen a ruta intencionadamente e evitan pagar a peaxe da autoestrada. A verdura vai da finca o cliente.

6) As mulleres que teñen o seu posto o pé da estrada son reflexo dunha pauta de comportamento establecida (etnoloxía) na que coa venta dos grelos achegan uns ingresos que complementan a economía familiar cuns prezos que van entre o 1,5 e os 2,5 euros por manoxo nunha forma de venta tradicional para obter uns beneficios dos excedentes que produce o agro.

7) Un mural de Joseba Muruzábal no festival Desordes Creativas do 2016 homenaxea o traballo da muller no campo. A GRELEIRA de 50 pés, supón un recoñecemento as mulleres que levan a súa vida ofrecendo os seus produtos o pé da estrada. Para este artista, indica un artigo da prensa, son superheroínas, como Lola a muller do mural inspirado no cartel da película *El ataque de la mujer de 50 pies*. O retrato recolle a imaxe real, coas zapatillas da casa, o tradicional mandil de cadros e o pucho das supermulleres do rural que viven por e para o campo. Estas mulleres nunca se xubilan das leiras porque ven medrar as verduras que prantan, esa é a súa vida. Elas son a chave de moitas xeracións e as que transmiten o coñecemento popular os seus fillos e netos. Ese coñecemento non aparece nos libros pero é unha ensinanza da vida. A fogo lento sin présa pero sin pausa; esa é a súa filosofía da vida dunha tradición secular.

8) O Concello de Oroso conta xa cunha cita gastronómica de interese autonómico como é a Festa da Troita que o vindeiro ano 2020 celebrará a súa XXIV edición que supón un evento de promoción turístico-gastronómico no mes de maio, e que reflexa a tradición da pesca fluvial no noso concello e da paisaxe fluvial.

Dende OROSO RENOVABLE entendemos que é o momento de crear a Festa do Grelo como un novo evento turístico e gastronómico do Concello de Oroso nos meses do inverno que contribúa recoñecer un produto tradicional da cociña galega onde o noso concello é unha terra fértil para o seu cultivo e que logo se reflexa nunha forma tradicional de mercado.

É dicir, a dimensión agraria e a súa forma de venta tradicional no Concello de Oroso son argumentos que xustifican o interese xeral da cidadanía e a necesidade de que a corporación de Oroso inicie os trámites para poder promover o evento.

Para rematar compartimos un vídeo promocional da feira do grelo de Abadín que sintetiza en imaxes as características do evento que OROSO

## PLENO

*RENOVABLE propón que se promova dende o Concello de Oroso.*

*<https://www.youtube.com/watch?v=Vgyc8xoy6LI>*

*Con fundamento nos parágrafos anteriores e sen prexuízo doutros argumentos e achegas da veciñanza e desta corporación OROSO RENOVABLE propón:*

*Que o pleno do Concello de Oroso co voto favorable e unánime da corporación inicie os trámites debidos para crear a I Festa do Grelo do Concello de Oroso.”*

A continuación intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen considera que esta proposta pode ser un atractivo mais para o concello, polo que o seu grupo está dacordo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen sinala que non deixa de ser unha iniciativa interesante e aproveitable. O Concello xa ten unha instensa actividade cultural e deportiva e non se pode meter a mais gastops directos pero no caso de que se creara unha asociación que se encargase de levar a diante esta iniciativa o Concello non tería problemas en apoiala a través da cesión da carpa municipal, subvencións etc...Nese sentido o Concello xa xestiona directamente a festa da troita e ve difícil asumir outra festa mais de xeito directo, e temos que ter en conta que estamos a traballar para que a festa da troita sexa recoñecida como de interese turístico nacional.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que tal vez e a fin de aforrar cartos se podería facer con Ordes ou a través da Mancomunidade.

O Sr. Alcalde sinala que non é doado realizar este tipo de actuacións a través da Mancomunidade xa que está centrada na prestación de tres ou catro servizos e ten pouco persoal que é o mesmo problema que ten o Concello para poder asumir a organización directa, pero en todo caso o propondremos.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que se trata dunha cuestión de interese para o pobo e recalca que a súa proposta leva un enlace á festa do grelo de Abadín que pode ser consultado. Considera que a festa da troita é importante pero esta tamén é importante xa que o grelo é algo característico e que identifica a Oroso, e por iso solicitan un maior compromiso do grupo de goberno.

O Sr. Alcalde insiste na idea de que se promova en todo caso unha asociación que se encargue da organización e que o Concello non pode asumir o pilotar directamente a xestión da festa cos medios actuais que ten.

Seguidamente o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

## PLENO

Votos a favor: seis (4 do PP e 2 de OR).

Votos en contra: sete ( 6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG)

Abstencións: ningunha ( 0 votos) non aproba o moción presentada por Oroso Renovable para que o Concello de Oroso promova a creación da Festa do Grelo.

**11.4.-MOCIÓN PRESANTADA POR OROSO RENOVABLE EN RELACIÓN CAS OBRAS DA ROTONDA DO PQ. 49.1 DA N-550 QUE PROMOVE O MINISTERIO DE FOMENTO NO CONCELLO DE OROSO.**

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen considera que é un proxecto que o seu grupo apoia porque creen que é necesario pero que sen embargo o resultado final ten determinados defectos que se deben solucionar. Así o xiro da nacional coa AC460 tal e como recolle o proxecto, consideramos que prexudica aos veciños.

O Sr. Alcalde sinala que a AC460 non existe porque é unha estrata local.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos) aproba a urxencia da moción.

A continuación D. José Manuel Mirás Pulleiro dando lectura á moción presentada:

*1) O expediente de contratación 33 LC 50315 promovido polo Ministerio de Fomento para a súa execución no punto quilométrico 49,1 da estrada N-550 ten como finalidade a execución dunha intersección en forma de glorieta para mellorar a fluidez do tráfico na confluencia da N-550 (estrada A Coruña – Tui) coa DP-3801 (estrada Oroso-Frades).*

*2) Oroso Renovable valora como positiva a actuación do Ministerio e agradece a axilidade coa que se sacou adiante o proxecto dende o estudio da súa viabilidade o pasado ano 2017*

*3) O portavoz de Oroso Renovable José Manuel Mirás Pulleiro antes de ser membro da corporación de Oroso solicitou os informes para a viabilidade deste proxecto tanto do Ministerio de Fomento titular da N-550 como da Deputación da Coruña titular da DP-3801 que avalaron a actuación (documentación publicada nas redes sociais). Asemade solicitouse informe da Xefatura Provincial de Tráfico e o Centro de Control de Tráfico do Noroeste sobre os prexuízos que a regulación semafórica orixina na fluidez simultánea do tráfico.*



## PLENO

3) O proxecto en si mesmo de obra non plantexa para Oroso Renovable ningunha alegación e consideramos que mellorará o desenvolvemento do tráfico dentro da propia intersección e reducirá en tempo o desprazamento Sigüeiro-Santiago.

4) Que o tráfico se vaia desenvolver con maior continuidade dentro da intersección NON significa que o número de vehículos na travesía vaia reducirse. Unha cousa é a mobilidade na intersección da DP-3801 coa N-550 e outra diferente é o volume de tráfico e os atrancos que presenta a travesía de Sigüeiro derivado da elevada presenza de vehículos articulados en tramos horarios concretos dos días laborais. Este aspecto será obxecto dunha moción diferente.

5) En canto a sinalización horizontal da obra, é dicir, o pintado e demarcación de espazos de circulación dos vehículos está orixinando e plantexando a disconformidade da cidadanía de Oroso debido as cuestións que se indican nos puntos seguintes 6 e 7.

6) A supresión na sinalización horizontal (pintado) do xiro a esquerda dende a N-550 hacia a AC-460 enténdese que vai condicionar e modificar de xeito substancial os hábitos diarios e desenvolvemento da actividade do pequeno comercio da rúa do Portiño e da praza de Alexandre Bóveda asemade dos desprazamentos das persoas que residen nos edificios e vivendas do Portiño as súas confluencias e na praza do Chinto.

A modo de exemplo medido co google maps ao almacén de cereais que está instalado na zona suponlle unha volta a maiores de 1.300 metros tendo que cruzar a travesía de Sigüeiro ata a rotonda do Familia, logo ir pola rúa da Ulloa e logo volver pola rúa do Portiño, na actualidade co xiro son simplemente uns 120 metros. En tempo son 2-3 minutos máis de duración do desprazamento por cada vehículo que proveña da estrada N-550 dende Santiago de Compostela.

Asemade afecta os desprazamentos dos condutores dende esta intersección hacia o lugar da Estación de Vilacide e hacia o concello de Trazo.

7) Oroso Renovable acepta a supresión do xiro dende a AC-460 hacia a N-550 en sentido A Coruña debido a que non existe espazo para situar o vehículo no carril de espera e ademais por atoparse encima do paso de peóns.

8) Os residentes da rúa de Tras da Torre tamén se ven afectados pola sinalización horizontal debido a isleta de canalización de sentidos. Sinalan a necesidade dunha liña discontinua adosada a isleta ( actuación permitida na sinalización horizontal).

9) Oroso Renovable fixo unha solicitude a Demarcación de Carreteras explicándolle as continxencias derivadas da sinalización horizontal e propoñéndolle unha solución satisfactoria e eficaz.

## PLENO

*A proposta non foi atendida alegando que existe unha orden do Ministerio que impide os xiros a esquerda en estradas con IMD superior a 5000 vehículos diarios, sen ter en conta que se trata dunha travesía e non dun tramo interurbano.*

*Nesa resposta da Demarcación tamén indican que debe ser o trazado urbano da poboación o que dea solución a amortización do xiro do punto 6.*

*10) O pasado xoves 19 de setembro reiteramos e respondemos cun segundo escrito a Demarcación de Carreteras argumentando con normas de rango de lei (Lei de Carreteras e Lei de Tráfico) superior a Orden que a Demarcación refire que é preciso que os concellos informen do tráfico nas súas travesías e que se establecen formas de delegación e cooperación coas entidades locais. En canto a que o trazado urbano de Sigüeiro debe resolver a situación dende Oroso Renovable indicámoslle a Demarcación que a travesía de Sigüeiro contempla 4 rúas de sentido único que conflúen coa estrada N-550 ademais do Camiño Real e a rúa da Pastelería Ébano que tamén se fixo peonil.*

*Con esa ordenación do tráfico nas rúas que conflúen ca estrada N-550 non é viable que o trazado urbano resolva a amortización do xiro.*

*11) Nese segundo escrito do xoves 19 de setembro indicámoslle a Demarcación de Carreteras que o enlace entre a N-550 e a AC-460 é o enlace entre unha estrada nacional e unha estrada provincial que une dous concellos e que é preciso vertebrar a rede viaria como así o establece a normativa de estradas para que as infraestruturas viarias sexan eficientes no seu servizo.*

*12) O Ministerio de Fomento é o titular da estrada N-550 e promotor da obra, con todo o artigo 25 epígrafe g) da Lei 7/1985 do 2 de abril tamén outorga competencias en materia de tráfico as entidades locais. Debido a consecuencias que se deriven para o tráfico nas outras vías urbanas de titularidade municipal consideramos preciso que o Pleno coñeza deste asunto.*

*13) Trátase dun asunto que se refire o pintado final da obra que non afecta o proxecto construtivo, e polo tanto non implica atrancos na execución.*

*14) O lugar de actuación está afectado polo tránsito do Camiño Inglés, para elo consideramos que o servizo de Urbanismo do Concello e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia deben atender a integración urbanística da obra de acordo coa preservación dos valores culturais do Camiño Inglés.*

*Con fundamento nos puntos anteriores e por tratarse dun asunto de interese xeral da cidadanía de Oroso as modificacións derivadas do proxecto da glorietta do 49,1 da N-550 e sen prexuízo doutras opinións e valoracións que poidan ser engadidas o grupo Oroso Renovable somete a votación do pleno o seguinte acordo:*

## PLENO

- 1) *Que os grupos políticos do pleno voten a favor de que se manteña o xiro coa sinalización horizontal apropiada dende a N-550 hacia a AC-460 polas razóns indicadas na exposición de motivos.*
- 2) *Que os grupos políticos do pleno voten a favor de que se manteña unha sinalización horizontal que permita aos residentes de Tras da Torre incorporarse a DP-3801.*
- 3) *Que os grupos políticos do pleno voten a favor de que manter o xiro hacia a AC-460 non vai modificar os hábitos diarios de desprazamento para o pequeno comercio local, para os residentes e para os condutores en xeral.*
- 4) *Que os grupos políticos do pleno voten a favor de que o servizo de Urbanismo e a policía local do Concello informen no ámbito do artigo 25 da Lei de Réxime Local de xeito preceptivo e poñan en coñecemento da Demarcación de Carreteras a necesidade de conservar o xiro a esquerda debido a que as obras afectan a circulación no tramo urbano da N-550 na localidade de Sigüeiro. Sen afectar o proxecto de obra.*
- 5) *Que os grupos políticos do pleno voten a favor de que se solicite a Demarcación de Carreteras unha execución final da obra tanto que resulte integradora co paso do Camiño Inglés polo lugar do proxecto.”*

A continuación toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que o seu grupo ía a formular un rogo sobre este tema non exactamente igual, pero en todo caso deixando patente o malestar dos veciños e veciñas e comerciantes pola solución prevista para xirar ao Portiño, xa que a solución que da o Ministerio de Fomento é xirar por diante de Abanca o que supón mais problemas xa que enchemos de tráfico unha rúa urbana e por outro lado supón un problema para os que se incorporan desde a rúa Trasdatorre. Consideramos que non se tratan de cambios de gran calado e que se debería mirar se é posible atender a estas demandas dos veciños.

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Isabel Fernandez Gallego (BNG) quen sinala que o seu grupo o que solicitaría é que mentres duran as obras sexa gratuíto o tramo de Sigüeiro a Santiago pola autoestrada AP-9, xa que o custo para alguén que teña xornada partida sería de 7 euros que é moito.

O Sr. Alcalde sinala que a AC460 xa fai 11 anos que non existe. En canto ao solicitado non se trata dunha obra do Concello e están traballando os técnicos do Ministerio e nos non nos podemos meter en cuestións de tipo técnico. Estamos nunha zona urbana e se teñen que modificar moitas cousas como sacar prazas de aparcamento para facer un carril bici e non sei como lle sentará iso ao Sr. Mirás Pulleiro. Considera o Sr. Alcalde que o Sr. Mirás Pulleiro o único que pretende e tentar meter malestar dos veciños contra o

## PLENO

grupo de goberno que conseguíu unha nova obra. Pide que se deixe aos técnicos traballar, e que o Sr. Mirás Pulleiro escribe moi ben pero de tráfico non sabe nada. Afirmo que o mesmo lle podería dicir ao Sr. Doval Expósito, neste caso non sabe se foron a facerse unha foto xuntos como no campo de fútbol.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) responde que considera interesante a proposta feita xa que suporía salvar de tráfico a travesía.

O Sr. Alcalde sinala que non está de acordo e que ten a costume de deixar traballar aos técnicos e aos enxeñeiros do Ministerio de Fomento e se teñen que respectar as regras que establece o Ministerio, e se o Ministerio acepta o planteado por D. José Manuel Mirás Pulleiro, eu non von a opoñerme.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que en relación á foto á que fixo referencia o Sr. Alcalde, o seu grupo non é socio de Oroso Renovable pero se existen cuestións en común o seguirán a presentar conxuntamente. En canto a eliminar o tráfico pesado na rúa do Portiño unha opción sería limitalo a vehículos de determinado tonelaxe.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: seis ( 4 do PP; 2 de OR).

Votos en contra: sete ( 6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) decide non aprobar a moción presentada por Oroso Renovable referente ás obras da rotonda do pq 49.1 da N-550 que promove o Ministerio de Fomento no Concello de Oroso.

### **11.5.-MOCIÓN PRESENTADA POR OROSO RENOVABLE (RE Nº 2814/2019DO 26/09) RELATIVA ÁS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DA PENELA.**

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen sinala que o seu grupo considera que a realización de obras no campo de fútbol as consideremos necesarias pero sen embargo o proxecto ten erros e defectos que se deben subsanar.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha (0 votos ) aproba a urxencia da moción.

Seguindamente D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) procede a dar lectura á moción presentada:

## PLENO

“1) O Concello de Oroso consolidou no último decenio unha actividade polideportiva que constitúe un referente entre os concellos da comarca.

2) Aí están os datos de entidades e clubs deportivos que avalan o desenvolvemento, o número de licenzas, directivos, aficionados que contribúen xa que logo á dinamización das relacións sociais cos adestramentos diarios e as competicións dos fins de semana.

3) O fútbol a través deas escolas deportivas do Xuventude de Oroso en todas as súas categorías e logo os equipos de aficionados do Sigüeiro FC que este ano estrea nova categoría e da SD Deixebre e dos equipos de veteranos do Sigüeiro FC e da Sionalla danlle contido a esa actividade cos seus adestramentos e campionatos de liga entre os meses de agosto e xuño.

4) Esa actividade xera unha utilización continua do campo de fútbol Lino Balado que implica certa dificultade para establecer os horarios de adestramento e xornadas deportivas, e no seu caso obriga a compartir o terreo de xogo con equipos adestrando de xeito simultáneo.

5) Derivado desta situación o Concello de Oroso promoveu o acondicionamento do campo de fútbol da Penela en Oroso para dotalo de céspede artificial, unha instalación dealumeado con torres, a reforma integral dos vestiarios e o acondicionamento dos seus accesos.

O antigo campo de fútbol de herba natural, os accesos, os vestiarios, e as instalacións en xeral atopábanse nun estado de abandono e ruína que ofrecían unha imaxe negativa do noso concello. O planeamento da actuación resulta sensato.

6) OROSO RENOVABLE comparte e aproba esa iniciativa que deamais implica derivar actividade hacia o rural do concello nun lugar próximo a estrada N-550 e contribuíndo a diversificar actividade municipal máis alá do núcleo de Sigüeiro.

7) OROSO RENOVABLE tivo coñecemento a través de ex- xogadores, directivos, adestradores e aficionados do noso concello ao fútbol de que o proxecto da obra non ía reflectir unhas instalacións acondicionadas segundo uns parámetros óptimos para a práctica deportiva xa que as dimensións son de 100/50 e a iluminación non corresponde coa establecida no proxecto.

Non presentamos alegacións antes porque confiamos en que a execución da obra non ía xeral inconvenientes.

8) Respecto ás dimensións dun terreo de xogo para o fútbol o mínimo establecido é de 90/45 e o máximo de 120/70 a partir de aí e segundo o rango da competición que previsiblemente se vaia desenvolver recoméndanse unhas dimensións específicas.

O antigo campo de herba natural convertiuse polas súas dimensións 105/66 nun campo de fútbol referente na comarca e digno de ser recoñecido pols clubs e aficionados visitantes.

9) O Consello Superior de Deportes establece para as competicións de afeccionados, xuvenís e fútbol base unhas dimensións mínimas de 100/60 a partir de aí dimensións inferiores poden ser válidas pero non resultan axeitadas para o desenvolvemento da actividade.

10) Dado que os postes de iluminación non recollen o especificado en canto a que deben ser torres de iluminación e tamén deben ser substituídos por uns que estean homologados á súa finalidade.

## PLENO

11) OROSO RENOVABLE solicitou a visita e informe técnico do servizo de urbanismo do Concello de Oroso sobre a instalación deportiva. Os técnicos municipais foron consultados por OROSO RENOVABLE e non manifestaron ningún impedimento na normativa urbanística para deixar unha maior distancia entre o peche exterior da parcela e o perímetro do terreo de xogo, é dicir, o retranqueo.

12) OROSO RENOVABLE scaou unha nota informativa na prensa xunto co Partido Popular debido a que se trata dunha actuación orzamentaria cuantiosa por superar os 400.000 euros de importe de adxudicación e formalización debido ó período de tempo que se estima de utilización en condicións normais da nova instalación para visibilizar a nosa disconformidade co proceso de execución.

13) OROSO RENOVABLE é un partido local con representación cuxa finalidade é velar porque as actuacións promovidas polo Concello de Oroso reúnan as mellores condicións de excelencia sen intención de obstruír ou poñer impedimentos a actuación da coalición de goberno.

OROSO RENOVABLE non ésta no pleno para restar, nin dividir, OROSO RENOVABLE está no pleno para sumar e multiplicar os éxitos dos Concello de Oroso.

Con fundamento nos puntos anteriores e por tratarse dun asunto de interese xeral da cidadanía de Oroso sen prexuízo doutras opinións e valoracións que poidan ser engadidas o grupo OROSO RENOVABLE somete a votación do pleno o seguinte acordo:

1) Que os grupos políticos do pleno voten a favor da revisión do proxecto naqueles aspectos (dimensións do terreo de xogo e torres de iluminación) que van afectar dun xeito directo a práctica deportiva da instalación.

2) Que os grupos políticos do pleno voten a favor da revisión orzamentaria do proxecto naquela cantidade que sexa precisa como para que a instalación sexa do agrado e recoñecemento de toda a cidadanía de Oroso.”

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) q uen sinala que presentaron un escrito no rexistro solicitando que se emitira un informe técnico xa que na comisión informativa o concelleiro delegado de urbanismo nos dixo que existía un impedimento legal para poder facer o campo mais grande. Non decimos que o campo non sexa bo, se non simplemente que se non é posible legalmente facer un campo mais grande e se ten que facer un mais pequeno do que existía, tendo en conta a inversión cuantiosa que se fixo, ao mellor se tería que ter valorado se compensaba.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen considera que debemos facer un pouco de historia, xa que os concelleiros pediron ver o proxecto e se lles deixou o proxecto e o deberon ver mal xa que non se está a cometer ningunha ilegalidade. O campo de fútbol coincide coa area de reparto desa zona que prevé igualmente que se faga mais ancho o vial e igualmente ampliar as prazas de aparcamento. O Plan Xeral de Ordenación Municipal é a carta

## PLENO

magna do urbanismo no Concello e se ten que respectar e igualmente existe un plan parcial que o desenvolve que tamén se ten que respectar. Cando se fixo o PXOM proxectouse realizar un campo tipo FIFA no polígono San Martiño II, pero falta por facer as obras de urbanización. Hai 4 ou 5 anos o Xuventude pediu un campo de fútbol 7 ao lado do campo Lino Balado e lles dixemos que se podían facer dous campos de fútbol 7 en Oroso. Afirmo que non están a cometer ningunha irregularidade e que o que pretende precisamente a oposición é que a cometan. O día que se desenvolva o polígono hai que retranquear 5 metros o campo de fútbol e dubida que os técnicos urbanísticos do concello dixeran o contrario. En canto a falar con directivos, ex-directivos adestradores, afirmo que cando queran poden acompañalo a falar con eles xa que neste concello se invirte mais en deporte que en concellos que teñen equipos en 2ª-B. Ese campo serve para xogar en calquera competición excepto os campionatos FIFA, sobre pasa as medidas mínimas necesarias e en canto ao tema do alumeadado terá que dar a luz que se indica no proxecto e se non é así se esixirá. O que si funciona é a colaboración por parte da oposición. Afirmo que o campo de Sigüeiro xa o fixo el cando estaba na oposición colaborando co grupo de goberno, pero a actual oposición so sabe destruír pero anticipa que non o van a conseguir.

Toma a palabra D. Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE) quen afirmo que non van a permitir que se digan cousas incertas. A oficina de urbanismo non dixo nada porque constestarán por escrito e nese sentido pide respecto para os técnicos municipais. Afirmo que xa llo dixo ao Sr. Mirás Pulleiro na comisión informativa e por teléfono lle deu as explicacións correspondentes pero parece que non o creen.

Considero que o Sr. Mirás Pulleiro foi riguroso á hora de mirar o proxecto, pero curiosamente se saltou o dato que lle acaba de dar o Sr. Alcalde e non mirou precisamente os planos como o que sinalou o Sr. Alcalde que se refire ao recuamento. Igualmente coa técnico que falou foi nunha conversa informal e xa lle dixo que ela non fixera o proxecto ese e que non o levaba. Remata sinalando que non percibe esa gran preocupación de directivos, adestradores etc...xa que se fora así estarían hoxe aquí entre o público e non están.

Toma a palabra Isabel Fernandez Gallego (BNG) quen afirmo que as medidas están detro da Lei e polo tanto se pode utilizar.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR), afirmo que efectivamente o Sr. Alcalde era concelleiro cando se fixo o campo de Sigüeiro e se fixo a grada torcida. O retranqueo é de 5 metros desde o peche da parcela exterior e o peche perimetral do campo e existen 15 ou 16 metros no proxecto e igualmente o proxecto contempla torres de iluminación e non postes. Afirmo que o que quere é que sexa unha obra de referencia na comarca.

O Sr. Alcalde sinala que o Sr. Mirás Pulleiro pode loitar o que queira pero o retranqueo é o que figura no PXOM e que o grupo de goberno non vai a cometer unha ilegalidade porque o diga vostede. Afirmo que a xente estará

## PLENO

contenta co campo que se faga cando estea terminado e que se seguen subindo de categoría existen terreos moi preto onde se pode facer outro campo. As torres que hai alí son de iluminación. O que pretende a oposición é desprestixar.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que criticar non é desprestixar como di o Sr. Alcalde. No escrito presentado non se dicía que non cumpría coas medidas se non so para determinadas competicións, o que estamos a dicir que é unha inversión de moito diñeiro para facer un campo mais pequeno do que tínhamos. En todo caso esperarán esa resposta por escrito.

O Sr. Alcalde sinala que o que vostedes din de que non serve para xogar en todas as categorías é mentira, hai campos de primeira división que teñen 100 x 55 e o que non se pode é estar detras de páxinas web falsas poñendo a parir ó Concello.

D. Alexander Doval Expósito (PP) solicita a palabra para intervir, o Sr. Alcalde négalle a palabra e da por remtado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: seis ( 4 PP e 2 OR).

Votos en contra: sete ( 6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) non aproba a moción presentada por Oroso Renovable en relación ás obras de acondicionamento do campo de fútbol da Penela na parroquia de San Martiño de Oroso.

**11.6.-MOCIÓN PRESENTADA POLO PSdeG-PSOE E O BNG (RE nº 2824/2019 do 26/09) SOBRE AS MEDIDAS EN RELACIÓN COS DANOS CAUSADOS POLO XABARIL.**

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que se trata de poñer de manifesto o problema xeral que está a supoñer o xabaril.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o seu grupo non tira abaixo o traballo dos demais. Se trata dun problema para os agricultores e van a votar a favor da urxencia.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE, 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE ) da lectura á moción:

“Os danos do xabaril constitúen a día de hoxe un grave problema en Galicia.



## PLENO

As poboacións destes animais cuasan danos na agricultura que se ten estimado nun informe técnico en preto de 15 millóns de euros ao ano. Asemade, os responsables de Tráfico da Guarda Civil informa dunha media, nos últimos anos, duns 1.100 accidentes de tráfico cada ano vencellados á irrupción do xabaril nas estradas galegas.

Engadamos a estes efectos negativos o problema que supón esta especie sobre os ecosistemas de zonas protexidas e espazos naturais, onde o seu control está restrinxido e prenda sobre a fauna protexida. Temén o seu acercamento ás cidades co perigo certo que supoñen para as persoas ás que pode atacar con consecuencias imprevisibles, como ven de pasar en Pontearreas recentemente.

O Concello sabe ben e sofre continuamente as defeitas e danos en parques e inmobles, mesmo achegándose a núcleos de poboación.

Por último a ameaza que supón o achegamento a Galicia da peste porcina africana, e a ameaza directa que supón para os centos de familias que dependen no rural do sector porcino, sector que desaparecería por unha mala xestión das poboacións do xabaril, o seu principal vector de contaxio.

As fórmulas para controlar as poboacións de xabaril a través da caza, de previr todos os seus danos, e de pagalos a quen os ten que sufrir, son a día de hoxe insuficientes, porque lonxe de poñer o problema baixo control, aumenta cada ano.

Asemade o actual marco legal da caza en Galicia, deixa un simple papel de cómodo observador á Xunta de Galicia, quen delegou toda a responsabilidade e todo o traballo de control das poboacións de xabaril, e mesmo do pago de danos, aos TECOR e Sociedades de Caza do rural, que carecen de recursos e dos medios para afrontar estas responsabilidades.

Por todo isto, os Grupos asinantes facemos a seguinte, proposta de acordo:

Instar á Xunta de Galicia para que impuse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión da fauna de Galicia para que a propia Xunta de Galicia asuma directamente as seguintes responsabilidades:

- 1.-Elaboración dun censo da poboación de xabaril de Galicia.
- 2.-Determinación da densidade máxima de xabarís que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.
- 3.-Determinación das medidas de control da poboación de xabarís.
- 4.-Determinación das medidas para o control dos danos na agricultura, apoiándose na execución das mesmas nos TECOR e Sociedades de Caza.
- 5.-Pago das indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio dos agricultores e gandeiros tanto os profesionais, como os de “a tempo parcial” así coma tamén os concellos polos danos causados no seu mobiliario e parques.
- 6.-Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.

## PLENO

E todo co obxectivo de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabaril e a conservación desta especie cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegos, aos que unha proliferación desordenada desta especie pon en perigo.”

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o seu grupo vai a votar a favor e reitera que non vai a votar abaixo o traballo doutros como si fai o grupo de goberno que parece o bloque do non.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que o tema do xabaril e moi complexo, e moitas das cousas que se piden nesta moción xa eestaban facendo e tamén se lle quitarían competencias aos Tecores o que non sabe que tal lles sentaría a eles. A realidade é que cázase moito mais que antes, no 2008 7000 e no 2017 17.000. Prolongáronse as batidas extraordinarias pero son recorridas polas asociacións de ecoloxistas, cousa que tamén se ten que ter en conta. Polo que estamos entre tres frentes, cazadores, agricultores e gandeiros e ecoloxistas.

D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) indica que se trouxo esta moción de xeito conxunto en idéntica forma que foi aprobada na Deputación.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE), considera que non se pode pechar os ollos con este problema, está claro que non chega co que se está a facer e a Xunta debería dotar de medios a quen corresponda para evitar que este probelma vaia a mais e que poida incluso poñer en perigo a vida humana. A realidade é que a Xunta de Galicia deixa todo en manos dos Tecor e das Sociedades de Caza e iso non pode ser.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que a Xunta está a cumprir a Lei e que é moi estrita en relación a estas cuestións.

Intervén o Sr. Alcalde quen pide un pouco de respecto ao Sr. Mirás Pulleiro, dicindo que eles non tiraron abaixo o traballo de ninguén, se non que trouxo unhas mocións, debatéronse, deuselle unha resposta e non se aprobaron, e pide que se teña respecto polo traballo dos membros do grupo de goberno.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate e somete a moción a votación, e o Pleno da Corporación por:

Votros a favor: nove (6 do PSdeG-PSOE; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: catro ( 4 do PP).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia para que impuse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión da fauna de Galicia para que a propia Xunta de Galicia asuma directamente as seguintes responsabilidades:

## PLENO

**PRIMEIRO.**-Elaboración dun censo da poboación de xabaril de Galicia.

**SEGUNDO.**-Determinación da densidade máxima de xabarís que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.

**TERCEIRO.**-Determinación das medidas de control da poboación de xabarís.

**CUARTO.**-Determinación das medidas para o control dos danos na agricultura, apoiándose na execución das mesmas nos TECOR e Sociedades de Caza.

**QUINTO.**-Pago das indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio dos agricultores e gandeiros tanto os profesionais, como os de “a tempo parcial” así coma tamén os concellos polos danos causados no seu mobiliario e parques.

**SEXTO.**-Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.

E todo co obxectivo de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabaril e a conservación desta especie cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegos, aos que unha proliferación desordenada desta especie pon en perigo.”

**11.7.-MOCIÓN PRESENTADA POLO PSdeG-PSOE E O BNG (RE nº 2825/2019 do 26/09) REFENTE Á DEMANDA DUN ENSINO DE CALIDADE.**

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen considera que a urxencia ven dada polo estado no que se atopa a educación e o tema do ensino que compe adoptar medidas para melloralo.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que efectivamente existe un problema pero en Oroso non é tan marcado, pasouse de 3.000 habitantes a 7.000 pero temos unha boa estrutura educativa con 3 garderías, 2 CEIP etc...

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos favor: trece ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) aproba a urxencia da moción.

A continuación D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) da lectura á moción presentada:

*“A educación pública é unha ferramenta fundamental para garantir a*

## PLENO

*igualdade de oportunidades e para conquistar que calquera neno ou nena poida acadar un desenvolvemento pleno das súas potencialidades e, con iso, loitar por un futuro máis próspero. A educación é prioritaria tamén para acadar unha economía máis próspera e unha sociedade máis puxante.*

*A aposta pola educación pública é fundamental para a xustiza social. A premisa de que nin o nivel de renda dunha familia nin o código postal determinen o futuro dos nosos nenos e das nosas nenas implica a necesidade de compromiso coa educación pública e co sistema público en conxunto, para que o futuro deses nenos dependa exclusivamente do seu esforzo e das súas capacidades.*

*Para iso, necesitamos unha educación pública de calidade, que se centre nos alumnos e nas alumnas, particularmente naqueles e naquelas con algún tipo de diversidade funcional; que aposte polos docentes e as docentes como pilar básico do sistema que persiga a excelencia e non a exclusión no seu funcionamento.*

*O goberno da Xunta de Galicia aplicou recortes a políticas que non melloran a calidade do sistema educativo de Galicia. Unha década de recortes educativos:*

*-A Xunta de Galicia recortou o seu orzamento en educación na última década e inviste agora 180 millóns de euros menos que hai dez anos.*

*-Hoxe hai case 1.500 mestres e profesores non universitarios menos que hai dez anos.*

*-Peche de escolas e redución de unidades escolares.*

*-Negativa da Xunta a recuperar a gratuidade universal dos libros de texto, implicando custes excesivos par amoitas familias.*

*-Insuficiencia de escolas infantís e suspenso pola falla de aposta pola universalización da escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos.*

*-Falla de compromiso co profesorado, que está en peores condicións docentes, con recortes nos seus dereitos laborais e na súa propia formación contínua.*

*-Ausencia de política de país para garantir aunha oferta educativa axeitada no medio rural.*

*-Negativa a implantar a gratuidade da primeira matrícula no sistema universitario galego.*

*-Esquecemento e falta de apoio convencido á Formación Profesional.*

*O Concello de Oroso segue a ser esquecido pola Consellería de Educación ao versedesaparecido de xeito contínuo dos orzamentos e das actuacións que a Consellería van a facer nos centros educativos.*

*O Concello de Oroso sigue a ser a garante do Ensino no noso concello mais sen ter as competencias ate o esquecemento da Consellería de Educación.*

*Polo anteriormente exposto proponse que a Corporación adopte o seguinte acordo:*

*1.-Rexeitar a política de recortes e desmantelamento da educación pública que está levando a cabo o goberno do PP na Xunta de Galicia, que provoca a perda de calidade no servizo público educativo e lesiona principios como os de igualdade de oportunidades, xustiza social e equidade.*

*2.-Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación*

## PLENO

*Profesional a reverter de xeito inmediato os recortes levados a cabo e a apostar decididamente por un sistema educativo público, universal, gratuito e de calidade.*

*3.-Esixir á Consellería de Educación un trato igualitario co Concello de Oroso e as inversións prometidas e mesmos as expresadas polo portavoz do Partido Popular de Oroso nos Centros Educativos do Concello.*

*4.-Remitir o acordo aos grupos do Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia para a súa toma en consideración.”*

Continua sinalando D<sup>a</sup>. Isable Fernández Gallego (BNG) que noutos concellos a Consellería gastou 200.000 euros en arranxar un CEIP e en cambio aquí no Concello de Oroso gastou 20.000 en arranxar un cuarto de baño.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen sinala que o seu grupo vota en falta que ess iniciativas non se centren mais en Oroso. Si comparte o desexo de que o CEIP de Oroso fora reformado e por exemplo no de Teo se están a gastar 400.000 euros. Afirmo que non será el o que defenda a política educativa da Xunta de Galicia, pero si que é certo que en Oroso as prazas educativas aumentaron nos derradeiros anos.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que esta se trata dunha moción tipo que se presentou en distintos concellos que pretende dar unha visión catastrofista pero non é así, a taxa de abandono das escolas reduciuse, e se fixeron inversións para arranxar os centros escolares, é certo que nalgúns se fixeron importantes inversións e noutros menores, no caso de Oroso se arranxaron os cuartos de baño que se pediu insistentemente pola AMPA. Considera que aquí existe tamén un problema competencial xa que segundo a norma lle corresponde o mantemento aos Concellos e as obras á Xunta de Galicia e moitas veces non está claro se as actuacións forman parte do mantemento ou de novas obras. O CEIP Camiño Inglés o fixo a Xunta de Galicia e foi unha inversión importante, este centro se queixaba de que existían unhas pingueiras e esta semana pasaron a arranxalas. As escolas unitarias son competencia do Concello. En canto ao número de profesores existe un maior ratio de profesores por alumno dos límites recomendados, igualmente Galicia é a única comunidade autónoma que ten as taxas universitarias conxeladas.

Intervén D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen sinala que as pingueiras aínda o luns estaban a verter auga, moita auga para un edificio que foi rematado hai cinco anos. No outro edificio o arranxo dos baños so se referiu ao das rapazas pero non o dos rapaces. A Xunta acaba de anunciar que vai a haber 20 educadores mais para a Comunidade Autónoma pero debe ser que a nos non nos toca ningún xa que temos un para tres centros. En canto ao comedor do colexio do Camiño Inglés a xestión tería que ser da Xunta e niso vai a pelear, tratase dun gasto imporante que ten que asumir o Concello. En canto aos profesores teñen un ratio de alumno de 28 – 29 e para facer eses ratios non se conta cos repetidores e cos que veñen doutros lados, era posible

## PLENO

facer un desdoblamento de clases no CEIP do Camiño Inglés e non o quixeron facer en terceiro e cando se fixo, sacouse dun para poñer noutro lado. Efectivamente estamos dentro dos ratios pero tendo equipamento e non utilizando o mesmo é unha pena.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) sinala que o Sr. Doval Expósito, por un lado sinala que reduciuse o abandono escolar e que isto é gracias aos profesores e por outro lado vemos que se reduciu o número de profesores polo que é un pouco incoherente o que di. De novo o concello ten que asumir aquí competencias que non son nosas, pero o temos que facer porque os que van a escola son os nosos fillos. A actuación do Concello neste caso foi modélica. No caso do CEIP do Camiño Inglés foi aprobado polo bipartito e cando chegou o PP o que fixo foi recortar o proxecto. Onde ía un pavillón puxeron un patio cuberto, onde ía haber dúas liñas so unha...O CEIP Sigüeiro necesita un arranxo integral e o propio Alexander Doval o recoñeceu e foi o Concello quen tivo que cambiar as fiestras e o que fixeron foi levarnos ante a xustiza, e tivo que ser o Concello que fixera a pasarela e o Sr. Doval Expósito nos criticou ante as AMPAS dicindo que se facía sen permisos cando non era así. Seguimos padecendo problemas coa rede eléctrica que é competencia da Xunta de Galicia, o probaba Avalar non se podía instalar porque a rede non aguantaba a potencia. O Sr. Nuñez Feijoo anunciou que ía destinar 20 millóns e a Orosó chegaron 10.000 euros que xa estaban comprometidos de antes, esa é a realidade.

O Sr. Alcalde afirma que entendeu a D. José Manuel Mirás Pulleiro, que podían estar orgullosos do sistema educativo de Orosó, e vai darlle a razón, pero é grazas ao que fai o Concello, porque por exemplo a gardería nos custa 100.000 euros e a Xunta aporta 10.000. A gardería da galiña azul queríamos poñerlle Chousa nova porque realmente a Xunta puxo so 40.000 euros e o resto o puxo o Estado e a urbanización que custou 100.000 euros a fixo o Concello. O CEIP novo non o quería facer o PP, dicían que chegaba o existente, o problema é que quedou ben amarrado co anterior goberno. Na galiña azul estamos pagando 1.500 euros por neno, incluso por tres nenos de fora que non viven aquí, en total por 45 nenos que é bastante diñeiro. Todos os anos facemos reformas nos CRA e a Xunta non pon nada en subministro eléctrico, auga, urbanización. Ata fai pouco ata estábamos pagando o gasoleo da calefacción.

Polo tanto podemos estar moi orgullosos do que fai este Concello pola educación que fai moitísimo mais que a Xunta de Galicia.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quere sinalar un último apunto como suxerencia, o feito de que se podería reducir o paso de camiións á hora de entrada e saída dos colexios, o outro día tivo que ir protección civil porque caera terra e causa normalmente problemas.

D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) sinala que o ano pasado xa se instou o que pasa que é difícil facer un control e compatibilizar todos os intereses.

## PLENO

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e pleno por:

Votos a favor: nove ( 6 do PSdeG-PSOE; 2 OR e 1 BNG).

Votos en contra: catro ( 4 do PP)

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

- 1.-Rexeitar a política de recortes e desmantelamento da educación pública que está levando a cabo o goberno do PP na Xunta de Galicia, que provoca a perda de calidade no servizo público educativo e lesiona principios como os de igualdade de oportunidades, xustiza social e equidade.
- 2.-Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a reverter de xeito inmediato os recortes levados a cabo e a apostar decididamente por un sistema educativo público, universal, gratuíto e de calidade.
- 3.-Esixir á Consellería de Educación un trato igualitario co Concello de Oroso e as inversións prometidas e mesmos as expresadas polo portavoz do Partido Popular de Oroso nos Centros Educativos do Concello.
- 4.-Remitir o acordo aos grupos do Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia para a súa toma en consideración

### 12.-ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen sinala que a compañía Chévere acollida no concello de Teo e se lle remata o contrato, se trata dunha compañía que é premio nacional e que sería bo que o Concello de Oroso contactase para ver se a pode contratar.

O Sr. Alcalde considera que se trata mais que dunha pregunta, dun rogo e toma nota do mesmo.

D. José Manuel Mirás Franqueira (OR), sinala que en relación ao nomeamento do persoal eventual é obrigatorio darlle conta ao Pleno da Corporación do mesmo e non se fixo. Parece que non so é bo ter un fillo en Oroso se non dentro do Concello.

O Sr. Alcalde afirma que o persoal eventual, o seu nomeamento é unha competencia do Alcalde e nomeo á persoa que considero oportuno.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que existe un tramo ser urbanizar que vai da rua do Protiño á gardería que é importante que se aceleren as obras.

O Sr. Alcalde responde que estas obras non se poden facer, xa que se trata dun solo urbanizable e a teñen que facer os propietarios. Debería estar penado que un concelleiro pida que se fagan cousas que non se poden facer e que son ilegais. Eso o teñen que facer os propietarios.

## PLENO

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que o cemiterio de Marzoa volve a estar sen luz e sen auga, roubaron o cadro eléctrico, se debe arranxar e buscar algún tipo de solución como poñer unha cámara. Solicita igualmente que a pista de Castiñeiro Redondo se arranxe. Igualmente solicita que as actividades que organiza o concello que custa 70 ou 80 euros e que duran todo o ano, si fora posible que se desglosase o pago.

O Sr. Alcalde sinala que en relación á última cuestión nunca recibimos ningunha queixa ou solicitude nese sentido.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que ía facer igualmente un rogo en relación á rotonda pero xa foi tratado na moción, pero quería aínda así deixar constancia e reiteralo. Igualmente en canto á situación do grupo Puentes y Calzadas, que o Concello dixo que seguía de preto unha posible venda e quería saber se ten algunha nova.

O Sr. Alcalde sinala que o que nos dín e que no caso de que se consolide a venda que aínda non é seguro que se concrete, seguirían os mesmos directivos e que a intención, a lo menos o que nos dixeron en Agosto era quedar aquí.

Non existindo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 21: 25 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe, asinado dixitalmente por ambos.

O Alcalde – Presidente.

O Secretario

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo.